# MEMORIA DE ACTIVIDADES

## *TALLER DE SERVICIOS SOCIAIS*

# ALAR GALICIA

**2001-2023**

***22 ANOS TRABALLANDO NO EIDO SOCIAL EN GALICIA***

Alar Galicia

www.alar-galicia.es
alargaliciasocial@gmail.com

## *22 anos traballando no eido do social*

*Dende o ano 2001, data de creación de Alar Galicia, moitos foron os traballo realizados e con multitude de colectivos e persoas: desempregados, menores, mulleres, inmigrantes….todos con a mesma particularidade, a vida en situación de precariedade social, familiar e/ou económica principalmente.*

*A nosa entidade contou dende o principio co apoio da administración autonómica, da Xunta de Galicia, así como de diversos concellos e deputacións que contribuíron e contribúen, xunto co FSE ao mantemento das actividades que se realizan en cada proxecto, permitindo a contratación de persoal técnico, imprescindible para o desenvolvemento das mesmas. Más do 80 dos fondos son destinados a contratación de persoal técnico do entorno social, psicolóxico e laboral. Alar Galicia contou tamén durante estos 20 anos co apoio de entidades privadas do entorno social como a Obra Social Caixa Galicia, a Fundación La caixa, a Fundación Pedro Barrié de la Maza e a Fundación Roviralta entre outras.*

*As persoas e colectivos de todas as actuacións de Alar Galicia, reciben a prestación do servicio, maioritariamente de apoio terapéutico, orientación laboral, mediación familiar….de maneira gratuíta. Alar Galicia nun cobrou ni cobrara as persoas usuarias dos servicios, pertencentes na súa maioría a colectivos en risco de exclusión.*

*A misión común de todos os proxectos é a mellora do nivel actitudinal e motivación das persoas participantes, mellorando a súa formación persoal e profesional, e incidindo no apoio profesional como base no crecemento persoal.*

*No memento actual, no contexto do COVID, as persoas máis vulnerables precisan de servicios de atención e de información profesionais que axuden a paliar os deficits de atención psicolóxica ou que melloren a empregabilidade de cada un dos usuarios a través de itinerarios personalizados de acordo con cada perfil e necesidades particulares. E Alar Galicia, Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio-laboral Galega seguirá outros 22 anos máis, ao pé do cañón, traballando diariamente na procura do benestar xeral das persoas que así o precisen.*

*Fernando González Truque*

*Director Alar Galicia*

## INDICE


1.- **PRESENTACIÓN**............................................................................................Pax.-5

2.- **ACTIVIDADES ALAR GALICIA 2001-2014**......................................................Pax.-12

2.1-PROXECTO TORNASOL. I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL.............Pax.-12

2.2.-OBRADOIROS DE EMPEGO..............................................................................Pax.-13

2.3.-OBSERVATORIO SOCIOLÓXICO: PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN.........Pax.-17

2.4.-PROGRAMAS FORMATIVOS............................................................................Pax.-27

2.5.-AXENCIA DE EMPREGO....................................................................................Pax.-50

2.6.-PROXECTO COACHING MENORES...................................................................Pax.-81

2.7.-PROXECTO ODISEA CHAD BAND......................................................................Pax.-120

2.8.-GABINETE LINGUISTICO....................................................................................Pax.-125

2.9.-PROXECTO SUMATE...........................................................................................Pax.-126

2.10.-ACTIVIDADES CULTURAIS................................................................................Pax.-131

2.11.-GABINETE DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN...........................................Pax.-141

2.12.-GABINETE DE APOIO A MULLERES XESTANTES E LACTANTES...............Pax.-142

3.- **ACTIVIDADES ALAR GALICIA 2015-2021**.......................................................Pax.-147

3.1.-I XORNADAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.........................................Pax.-147

3.2.-PROXECTO COACHING MENORES: PROXECTO DE CONTINUIDADE.......Pax.-157

3.3.-PROXECTO SÚMETE: PROXECTO DE CONTINUIDADE.............................Pax.-170

3.4.-PROXECTO MELLORA.......................................................................................Pax.-175

3.5.-PROXECTO FÉNIX...............................................................................................Pax.-184

3.6.-ORIENTACIÓN LABORAL....................................................................................Pax.-188

**4.- 20 ANIVERSARIO ALAR GALICIA**…………………………………………… .....Pax.-189

**5.- ACTIVIDADES ALAR GALICIA 2022- 2023**....................................................Pax.- 194

5.1.- PROGRAMA COACHING MENORES: PROXECTO DE CONTINUIDADE....Pax.- 194

5.2.- PROGRAMA SÚMATE: PROXECTO DE CONTINUIDADE.......................... Pax.-198

5.3.- PROXECTO MELLORA: PROXECTO DE CONTINUIDADE........................Pax.- 202

5.4.- PROGRAMA DE MEDIACIÓN SOCIAL Y/O INTERCULTURAL.....................Pax.-204

5.5.- PROXECTO FÉNIX: : PROXECTO DE CONTINUIDADE.............................Pax.- 205

5.6.- PROGRAMA MELLORA+....................................................................................Pax.- 208

5.7.- PROGRAMA PASO A PASO ADIANTE............................................................Pax.-210

5.8.- PROGRAMA ODISEA.........................................................................................Pax.- 212

5.9.- PROGRAMA OIKO´S..........................................................................................Pax.-215

5.10.- PROGRAMA VOITHEIA.....................................................................................Pax.-219

*5.11.- PROGRAMA TESEO.....................................................................................Pax.- 228*

*5.12.- PROGRAMA ATENEA..................................................................................Pax.-231*

*5.13.- PROGRAMA MORPHEO..............................................................................Pax.-233*

*6.- I XORNADAS DE PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN DO SUICIDIO E AS NOVAS ADICCIÓNS NA XUVENTUDE...............................................................................Pax.-236*

# ALAR GALICIA: TALLER DE SERVICIOS SOCIAIS

## 1.- PRESENTACIÓN

Alar Galicia é unha Asociación sen ánimo de lucro que se configura como un **Taller de Servizos Sociais**, no que diferentes profesionais unen os seus coñecementos co obxectivo de traballar no deseño e execución de proxectos de actuación globais baseados na formación, no emprego, no acompañamento social e persoal, co obxectivo de deseñar proxectos que modifiquen as carencias socioeconómicas e laborais das persoas e colectivos de difícil incorporación socio-laboral.

| | | |
|---|---|---|
|  |  |  |
|  |  |  |

Mediante unha adecuada **formación** que conxugue a formación laboral coa formación persoal, as persoas participantes incluídas nos Proxectos Alar atópanse en disposición de incorporarse a vida social normalizada. O equipo técnico de Alar Galicia realiza unha formación continua e actualizada en materia de servizos sociais, adquirindo e asumindo como propias as técnicas máis innovadoras que permitan levar a cabo o traballo de formación e acompañamento con persoas que se atopen en situación de precariedade así como as máis próximas o mundo da marxinalidade, poñendo a súa disposición o selo da calidade e a profesionalidade.

## MECANICA DE TRABALLO

-ESQUEMA-

| Laboratorio Alar I | Laboratorio Alar II | Laboratorio Alar III |
|---|---|---|
| ***Observatorio Social*** | ***Taller de Traballo*** | ***Execución de Proxectos*** |

### Observatorio Social

**-Diagnose** de carencias sociais e propostas de actuación que combatan o paro, a pobreza e freen a exclusión social.

**-Potenciación** e execución de investigacións co fin de afondar en temas de carácter social.

**-Creación** de módulos de formación específicos en técnicas de seguimento e acompañamento social.

### Taller de Traballo

**Deseño** de medidas integrais necesarias para o desenvolvemento de proxectos globais que modifiquen substancialmente as situacións de carencias profesionais e económicas dos colectivos ós que nos diriximos:

a. **Localización** e estudio de persoas, grupos e colectivos de intervención

b. **Diagnose** de actuacións globais

c. **Viabilidade** de Proxectos

d. **Deseño** de Proxectos

### Execución de Proxectos

**1.Selección participantes**

**2.Formación socio-laboral**

3. **Acompañamento persoal e colectivo**

4. **Incorporación sociolaboral**

5. **Avaliación de Proxectos**

6. **Deseños de calidade**

## Laboratorio Alar I: Observatorio Social

1. Detección das situacións de precariedade das persoas, grupos e colectivos situados nos límites da marxinalidade e a exclusión social.

2. Diagnóstico das carencias e propostas de actuación.

3. Potenciación e desenvolvemento de estudios de carácter social que faciliten o coñecemento das situacións de precariedade na que viven determinadas persoas da nosa sociedade.

4. Realización de módulos de formación nas técnicas de seguimento e acompañamento social, destinados a perfeccionar a actuación dos técnicos de servizos sociais na súa relación coas persoas, grupos e colectivos desfavorecidos ou en grave risco de exclusión social.



## Laboratorio Alar II: Taller de Traballo

Alar Galicia disporá segundo proceda, dun equipo técnico e profesional dotado dos medios humanos e materias necesarios para a correcta execución dos Traballos de Investigación e Proxectos Alar:

I. Traballos de Investigación Alar: Realización de Traballos de Investigación de menor capacidade que os proxectos e articulados entorno a unha ou varias fases dos mesmos, que serven para diagnosticar a realidade social e determinar e contextualizar futuros proxectos, dirixidos a persoas, grupos ou colectivos específicos de intervención.

II. Proxectos Alar: Implantación dos proxectos. **Fases de actuación**:

a. **Localización e estudio do colectivo**.

b. **Diagnose de actuacións globais**.

*Condicións reais de actuación sobre o persoas, grupos e colectivos*

c. **Viabilidade de Proxectos**: consideración e acordo sobre as capacidades reais de execución do novo proxecto. Posta en común entre as entidades participantes: responsables da Asociación Alar Galicia, Administracións Locais, Autonómicas e do Estado e outras entidades e organizacións coparticipantes.

d. **Deseño de Proxectos:** o deseño de cada novo Proxecto Alar está suxeito o desenvolvemento de sete fases ou estruturas básicas de funcionamento: a **selección** das persoas a incluír nos proxectos, **mecanismos e estratexias de incorporación social**, a **formación laboral**, o **acompañamento social**, as técnicas máis innovadoras na **procura de emprego**, a **avaliación dos proxectos**, e de xeito transversal incluiranse factores de **control de calidade**.

## Laboratorio Alar III: Execución de Proxectos

1. **Selección dos participantes:**
   - 1.1 **Deseño de perfiles sociais de búsquena**: acorde cos informes previos e as necesidades do mercado de traballo.
   - 1.2 **Atención primaria**.
   - 1.3 **Actuación motivacional**: individual, en grupo, asociada a consecución dunha formación, un posto de traballo e o acceso a unha vivenda, dentro dunha perspectiva de incorporación global).

2. **Formación socio-laboral**
   - 2.1 **Laboral: Formación profesional**.
     - 2.1.a As persoas participantes nos proxectos recibirán unha completa formación nas tarefas relacionadas cos sectores profesionais que máis demanda presenten no mercado segundo as potencialidades de incorporación laboral do mesmo, con orientación ás novas formas de emprego: Servizos de Proximidade, apoio a maiores, axuda socio-sanitaria, coidado de menores e os servizos sociais en xeral.
   - 2.2 **Educativa: Formación persoal**.
     - 2.2.a Microtécnicas aplicadas á mediación persoal e intragrupal, co fin de impulsar as potencialidades das persoas, grupos e colectivos a través de intervencións socioeducativas: hixiene, comunicación, sinceridade, responsabilidade, afirmación e transmisión de seguridade, contrarrestar a desinformación procedente de terceiros, canais de información e percepción da realidade, saídas do sistema.

3. **Acompañamento social:** o equipo técnico da Alar Galicia encargarase dende o inicio do proxecto, da articulación das medidas necesarias para realizar o seguimento e acompañamento das persoas participantes, procurando constantemente manter a cohesión e motivación do grupo, realizando as xestións oportunas coas entidades locais para a consecución de axudas puntuais que faciliten a correcta execución do proxecto, trasladando igualmente ós servizos municipais as necesidades e inquietudes das persoas participantes.

4. **Incorporación sociolaboral:** As persoas participantes nos proxectos que teñan superado satisfactoriamente a fase de formación, se encontrarán en disposición de comezar a exercer os coñecementos aprendidos. A incorporación no mundo laboral das persoas participantes producirase mediante acordos e convenios de colaboración a través da mediación entre os responsables de Alar Galicia e as administracións municipais e autonómicas, empresas, organizacións e calquera outra entidade participante nos proxecto.

   4.1 **Traballo tutelado**: período inicial no que se considera como medida oportuna, continuar o seguimento do colectivo, como medida de apoio e acompañamento, ata a súa incorporación laboral no traballo normalizado.

   4.2 **Novas formas de emprego**: Servizos de atención á familia e o fogar e todas aquelas novas formas de emprego que sexan susceptibles de ser unha vía de incorporación laboral para as persoas incluídas nos proxectos.

   4.3 **Recuperación** das persoas, grupos e colectivos procedentes da exclusión social, artellando aquelas accións tendentes a súa incorporación sociolaboral dun xeito integral na vida social normalizada.

5. **Avaliación:** avaliación permanente de cada novo proxecto, perfeccionamento das técnicas utilizadas, avaliación constante sobre os métodos e resultados obtidos en cada fase de execución, utilización dos procedementos máis óptimos e innovadores en cada un dos traballos de Alar Galicia.

6. **Deseños de calidade**: utilización das técnicas más innovadoras en estudios de calidade de acordo co cumprimento dos obxectivos fixados e coa máis estrita profesionalidade, tomando como referencia os estándares de calidade establecidos pola Unión Europea, tipo **FQEM e ISO 9000**: sistemas de selección e xestión informatizada, programas de satisfacción e atención ó cliente, procesos propios de calidade segundo o servizo prestado (autocertificado), estabilidade e homoxeneidade na execución dos traballos e servizos.

# *2.- Actividades de Alar Galicia: 2001-2014*

## 2.1.- Proxecto Tornasol: I Plan Galego de Inclusión Social 2001-2006

Subvencionado pola Consellería de Servizos Sociais. Proxecto de incorporación sociolaboral de persoas e colectivos abicados na marxinalidade social ou de difícil inclusión social, con especial interese no colectivo perceptor da RISGA. O obxectivos xerais: localización e inclusión das persoas no proxecto e elaboración de itinerarios personalizados de incorporación social, segundo perfiles sociais, aptitudes e actitudes, configurando unha rede de actuacións globais e integrais entre Alar Galicia e os servizos sociais dos concellos participantes. Ámbito de actuación: Comarcas de Deza, Tabeirós-Terra de Montes e Carballiño. Duración: 01/09/01 ata 30/04/02.










## 2.2.- Obradoiros de Emprego

### 2.2.1.- Obradoiro de Emprego *“Traballo no Fogar”. Lugo 2001- 2002*

Subvencionado pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, a través da súa Delegación Provincial de Lugo. Os obxectivos fundamentais do Obradoiro son a **dignificación** e **profesionalización** do sector de Traballadoras do Fogar, mediante a aprendizaxe intensiva de 960 horas de formación teórico-práctica, distribuídas en 10 Módulos de Formación que van dende as tarefas propias do Traballo no fogar, pasando polo aprendizaxe e manexo das técnicas máis innovadoras no dominio das artes da expresión e as actitudes, o coñecemento das políticas de igualdade, o manexo da ferramentas básicas informáticas e de internet e as técnicas de busca de emprego, entre outras. As traballadoras realizaron formación práctica nos centros públicos de Lugo de Coidado de Maiores de As Gándaras e A Milagrosa e de Atención a Infancia de Paradai e A Milagrosa. Ámbito de actuación: Lugo. Duración: 31/12/01 ata 30/06/02














### 2.2.2- Obradoiros de Emprego "*Servizos á Familia e Traballo no Fogar*". Lugo e Santiago de Compostela 2002- 2003

Subvencionado pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, actual Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a través da súa Delegación Provincial de Lugo. Os obxectivos fundamentais do Obradoiro son a **dignificación** e **profesionalización** do sector dos *Servizos á Familia e o Traballo no Fogar*, mediante a aprendizaxe intensiva de 960 horas de formación teórico-práctica, distribuídas en 10 Módulos de Formación que van dende as tarefas propias do Mantemento no Fogar, pasando polo aprendizaxe e manexo das técnicas máis innovadoras no dominio das artes da expresión e as actitudes, o coñecemento das políticas de igualdade, o manexo da ferramentas básicas informáticas e de internet e as técnicas de busca de emprego e fomento da cultura emprendedoras entre outras. De igual xeito, se pretende que aquelas persoas que non acadaron o Graduado de ESO, se formen adecuadamente e acaden o Diploma actual de ESO. As traballadoras realizaron formación práctica nos centros públicos de Lugo de Coidado de Maiores de As Gándaras e A Milagrosa e de Atención a Infancia de Paradai e A Milagrosa. Ámbito de actuación: Lugo e Santiago de Compostela. Duración: 31/12/02 ata 30/06/03.

| **Obradoiro de Emprego *Servizos á familia e traballo no fogar*<br>Lugo** | | | |
|---|---|---|---|
|  |  |  |  |
|  |  |  |  |

<table>
<tr><th colspan="4">Obradoiro de Emprego Servizos á familia e traballo no fogar<br>Santiago de Compostela</th></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
</table>

### 2.2.3.- Obradoiro de Emprego "*Servizos de Atención á Familia e ó Fogar. Coidado de Maiores*". Lugo 2003- 2004

Subvencionado pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a través da súa Delegación Provincial de Lugo. Este Obradoiro continua coa mesma liña de traballo comezada cos anteriores, pero neste caso se pretende acadar a especialización das alumnas- traballadoras no coidado de persoas maiores e dependentes. Neste Obradoiro que estase a realizar, a formación teórica abarca, dende o comezo do segundo trimestre, a especialización en coidados de xeriatría e coidado de enfermos de Alzheimer. Así mesmo, as alumnas- traballadoras están a realizar prácticas de traballo real en centros de infancia e de maiores, así como prácticas de rexiduría de pisos e cociña no centro ASPNAIS a través de convenio de colaboración. Ámbito de actuación: Lugo. Duración: 30/12/03 ata 30/06/04.

**Obradoiro de Emprego *Servizos de atención á familia e o fogar.***

***Coidado de maiores***

**Lugo**










## 2.2.4.- Obradoiro de Emprego "*Coaching Maiores*". Lugo 2005

Subvencionado pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia. Con este Obradoiro de E,prego a entidade xestora Alar Galicia busca a especialización profesional do Coidado de Maiores a través do acompañamento profesional da figura do **Coach** mediante a o aprendizaxe práctico de Módulos de Formación do tipo Auxiliar de Enfermería en Xeriatría, Auxiliar de Axuda Socio-sanitaria, Atención Especializadas a Enfermos de Alzheimer, Atención Especializada a persoas que precisan de coidados especiais, complementada con outros como Iniciación ás novas tecnoloxías, políticas de igualdade e métodos activos de procura de emprego. As 20 alumnas- traballadoras do Obradoiro están a realizar prácticas de traballo real nos centros públicos de maiores de As Gándaras e A Milagrosa de Lugo, así como prácticas de rexiduría de pisos e cociña no centro ASPNAIS a través de convenio de colaboración. Ámbito de actuación: Lugo. Duración: 15/06/05 e ata 15/012/05.

**Obradoiro de Emprego *Coaching Maiores***

**Lugo**

| | | | |
|---|---|---|---|
|  |  |  |  |
|  |  |  |  |

## 2.3.- Observatorio Sociolóxico: proxectos de investigación

### *2.3.1.- Primeiro Estudio de Necesidades Lugo 2002-2003*




Subvencionado pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, actual Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a través da súa Delegación Provincial de Lugo. O obxectivo e realizar un amplo estudio das necesidades socioeconómicas dos habitantes de Lugo, utilizando as técnicas máis innovadoras en Metodoloxía para o estudio e análise da realidade social de Lugo. Para levar a cabo este estudio, Alar Galicia contou coa contratación de tres técnicas superiores sociólogas a través do Programa LABORA. Ámbito de actuación: Lugo. Duración: 15/12/02 ata 15/12/03.

## 2.3.2.- Estudio sobre os medios de comunicación en Galicia: o papel da muller e a súa incidencia.




Subvencionado pola Consellería de Presidencia, Alar Galicia realizou un estudio sobre os medios de comunicación en Galicia e o papel da muller e a súa incidencia. O Estudio estruturouse en tres períodos históricos: A Restauración e Reinado de Alfonso XIII, a Segunda República e a Dictadura Franquista, e consta de distintos apartados, entre eles, unha recollida exhaustiva de noticias de prensa dos seis periódicos galegos de maior importancia da época: La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, El Faro de Vigo, El Progreso, El Correo Gallego e La Región. Este estudio pretende aportar unha perspectiva de xénero á historia dos medios de comunicación a través da prensa, analizando as noticias que xeraban as mulleres e a incidencia na historia da muller en Galicia.

### 2.3.3.- A Percepción Social da prostitución en Lugo.

Alar Galicia realizou un estudio sobre a percepción social da prostitución en Lugo, para o que contou, a través da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais cun programa de cooperación que posibilitou a contratación dunha Técnico Superior Politóloga e catro Técnicos Medios Educadoras Sociais. O estudio estruturouse en tres fases: Localización e estudio do colectivo, recompilación de datos secundarios (prensa, radio e televisión) e datos estatísticos que comprende a elaboración e análise dunha enquisa de poboación.




### 2.3.4.- Prensa e Menores

Alar Galicia realizou un laborioso estudio sobre os medios de comunicación (La Voz de Galicia e o Progreso) e a implicación dos menores como noticia, con un seguimento dos mesmos de xaneiro e ata outubro de 2006.



Este Estudio foi subvencionado pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, e foi presentado no *II Symposium Internacional Sobre Justicia Juvenil /Córdoba)* e no *Congreso Europeo sobre Programas de Cumplimiento de Medidas Judiciales para Menores* (Sevilla) en novembro de 2006.










## 2.3.5.- Violencia e Muller

A través do Observatorio Sociolóxico de Alar Galicia e subvencionado pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, Alar Galicia realizou durante 2006 unha análise dos medios de comunicación de maior tirada galegos, sobre o uso da noticia relacionada coa violencia nas mulleres.




| | | |
|---|---|---|
|  |  |  |
|  |  |  |

## 2.3.6.- Estudio sobre o tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación




A través do Observatorio Sociolóxico de Alar Galicia e subvencionado pola Secretaría Xeral da Igualdade de Vicepresidencia da Xunta de Galicia, Alar Galicia realizou durante o ano 2007 unha análise sociolóxica dos medios de comunicación de maior tirada galegos, sobre o tratamento da violencia de xénero: perfís do maltratador e da vítima, lugar de procedencia, idade, arma utilizada....

## 2.3.7.- Diario Malva: Informe sobre os datos de Violencia Machista durante os anos comprendidos entres 1999 e 2007




A través do Observatorio Sociolóxico da entidade e subvencionado pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia,, Alar Galicia realizou durante o ano 2008 unha análise e seguimento sociolóxico sobre o número de mulleres mortas a través da violencia de xénero, perfil do asasino machista, arma utilizada, situación, idade do agresor e da vítima, lugar de procedencia...Este informe é actualizado constantemente polo Observatorio Sociolóxico.

## 2.3.8.- Diario Malva: A Violencia de Xénero nos Medios de Comunicación

A través do Observatorio Sociolóxico da entidade e subvencionado polo Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia, Alar Galicia realizou durante o ano 2010 unha análise e seguimento sociolóxico sobre o número de mulleres mortas a través da violencia de xénero na prensa galega, con especial intereses nos diarios La Voz de Galicia e El Progreso de Lugo.



## 2.4.- Programas Formativos

### *2.4.1- Curso de Prevencionista de Riscos Laborais:*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres en activo co obxectivo de que complementen a súa formación en materia de Prevención de Riscos Laborais. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 100 horas. Celebrado no Centro de Formación Ocupacional de Montirón de Lugo. 3 de setembro de 2003 e ata o 7 de outubro de 2003.

| **Curso de Prevencionista de Riscos Laborais** | | | |
|---|---|---|---|
|  |  |  |  |

### *2.4.2.- Curso de Auxiliar de Enfermería en Xeriatría:*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres desocupadas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas Auxiliares de Enfermería en Xeriatría. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 200 horas. Celebrado no Residencial Carlos IV de Outeiro de Rei (Lugo). 1 setembro 2003 e ata o 7 de novembro de 2003.

| **Curso de Auxiliar de Enfermería en Xeriatría** | | | |
|---|---|---|---|
|  |  |  |  |

### *2.4.3.- Curso de Formadora Ocupacional: I Edición*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres desocupadas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas Formadoras Ocupacionais. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 100 horas. Celebrado nas aulas-seminarios no Edificio Multiusos da Xunta de Galicia en Lugo. 20 de outubro 2003 e ata o 21 de novembro de 2003.

| **Curso de Formadora Ocupacional** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

### *2.4.4.- Curso de Formadora Ocupacional: II Edición*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres desocupadas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas Formadoras Ocupacionais. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 405 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 1 de setembro e ata o 11 de novembro de 2004.

| **Curso de Formadora Ocupacional** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

## *2.4.5.- Curso de Inglés de Atención ó público*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres co obxectivo de que complementen a súa formación e coñecementos de inglés. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 210 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 2 de setembro e ata o 15 de novembro de 2004.

| **Curso de Inglés de Atención ó público** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

## *2.4.6.- Curso de Francés de Atención ó público*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres co obxectivo de que complementen a súa formación e coñecementos de francés. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 210 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 6 de setembro e ata o 8 de novembro de 2004.

| **Curso de Francés de Atención ó público** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

## *2.4.7.- Curso de Técnica de Formación*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres co obxectivo de que complementen a súa formación como Técnicas de Formación. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 91 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o3 de outubro e ata o 15 de novembro de 2004.

| **Curso de Técnica de Formación** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

## *2.4.8- Curso de Técnica en Control de Calidade (Normas ISO)*

Subvencionado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres co obxectivo de que complementen a súa formación como Técnicas en Control de Calidade (Normativa Europea ISO). Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 113 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 6 de outubro e ata o 15 de novembro de 2004.

| **Curso de Técnica en Control de Calidade (Normas ISO)** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

### *2.4.9- Curso de Formadora Ocupacional: III Edición*

Subvencionado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres desocupadas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas Formadoras Ocupacionais. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 195 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 1 de setembro e ata o 4 de novembro de 2005.

| **Curso de Formadora Ocupacional** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

### *2.4.10. Curso de Formadora Ocupacional: IV Edición*

Subvencionado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres activas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas Formadoras Ocupacionais. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 184 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 1 de setembro e ata o 8 de novembro de 2005.

| **Curso de Formadora Ocupacional** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

## *2.4.11. Curso de Técnica en Control de Calidade (Normas ISO)*

Subvencionado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres co obxectivo de que complementen a súa formación como Técnicas en Control de Calidade (Normativa Europea ISO). Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 185 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 26 de Setembro ata o 15 de novembro de 2005.

| **Curso de Técnica en Control de Calidade (Normas ISO)** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

## *2.4.12. Curso de Formación Técnica Básica en Orientación Profesional para o Emprego.*

Subvencionado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres activas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas en Orientación e Asociación Laboral. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 30 horas. Celebrado no centro de Formación PC Ensino de Lugo dende o 9 de Novembro ao 15 de novembro de 2005.

| **Curso de Formación Técnica Básica<br>en<br>Orientación Profesional para o Emprego** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

### *2.4.13. Curso de Mediación Intercultural*

Subvencionados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres desempregadas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas en Mediación Intercultural. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 200 horas. Celebrado nos Aulas de Alar Galicia dende o 16 de outubro e ata o 14 de novembro de 2006.

| **Curso de Mediación Intercultural** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

### *2.4.14. Curso de Mediación en Violencia de Xénero.*

Subvencionados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres activas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas en Mediación en Violencia de Xénero. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 45 horas. Celebrado nos Aulas de Alar Galicia dende o 30 de outubro e ata o 4 de novembro de 2006.

| **Curso de Mediación en Violencia de Xénero** | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

### 2.4.15. Curso de Habilidades Directivas

Subvencionados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 activas co obxectivo de que complementen a súa formación en materia como especialistas en Habilidades Directivas. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 45 horas. Celebrado nos Aulas de Alar Galicia dende 30 de outubro e ata o 14 de novembro de 2006.

| Curso de Habilidades Directivas | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

### 2.4.16. Curso de Transporte de mercadorías perigosas por estrada

Subvencionados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 activas co obxectivo de que completar unha formación teórica e práctica sobre este sector laboral en auxe. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 125 horas. Celebrado nos Aulas de Alar Galicia e de CERFORTRANS LUGO dende o 08 de outubro e ata o 13 de novembro de 2007.

| Curso de Curso de Transporte de mercadorías perigosas por estrada | | |
|---|---|---|
|  |  |  |

## *2.4.17. Curso de Coaching Dependencia: I Edición*

O **Proxecto Coaching Dependencia** ten por obxecto o desenvolvemento de accións formativas relacionadas coa Atención a Persoas Dependentes durante 100 horas de duración, ligadas á inserción laboral destinadas a persoas retornadas e inmigrantes. Este Proxecto estivo subvencionado pola Secretaría Xeral de Emigración de Presidencia da Xunta de Galicia.









O 22 de novembro de 2007 a Presidenta de Alar Galicia Marijé Díaz firmou un Convenio de Colaboración entre Alar Galicia e o Centro Xerontolóxico A Veiga a través do seu Director Xeral D. Miguel Ángel Ruiz Carabias por unha banda, e coa Empresa Edades Lugo SC a través da súa Representante Legal Dona Mª de los Ángeles Rodríguez García por outra banda, co obxecto de xenerar un protocolo de actuacións conxuntas encamiñadas a garantir a incorporación laboral das persoas formadas a través dos Obradoiros de Emprego e dos Cursos de Formación xestionados por Alar Galicia en materias relacionadas co traballo con persoas dependentes e no confort do fogar, entre os que destaca o Coaching Dependencia que se está realizando actualmente.







### *2.4.18. Curso de Atención a Persoas Dependentes: I Edición*

Subvencionado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social a través do Servizo Galego de Igualdade. Dirixido a formar a 15 mulleres desempregadas co obxectivo de completar unha formación teórica e práctica sobre este sector laboral en auxe. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 200 horas. Celebrado nas aulas de CERFORTRANS LUGO dende o 30 de setembro e ata o 15 de novembro de 2008.







## *2.4.19. Curso de Coaching Dependencia: II Edición*

O **Proxecto Coaching Dependencia** tivo por obxecto o desenvolvemento de accións formativas relacionadas coa Atención a Persoas Dependentes, ligadas á inserción laboral destinadas a persoas retornadas e inmigrantes. Este Proxecto estivo subvencionado pola Secretaría Xeral de Emigración de Presidencia da Xunta de Galicia. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 100 horas. Celebrado nas aulas de CERFORTRANS LUGO dende o 15 de setembro e ata o 20 de outubro de 2008.










As persoas participantes recibiron unha completa formación en materia relacionada coa atención a persoas dependentes, políticas de igualdade e asesoramento e orientación laboral.





O Curso complementouse con visitas de carácter práctico aos Centros Aspnais de Lugo e Residencial Carlos IV de Outeiro de Rei.





Igualmente recibiron un seminario práctico laboral da empresa Alcia Servizos SL por medio do seu Director Xerente Iván Sánchez López e unha visita do Delegado Provincial de Lugo de Presidencia Don Luis Rodríguez Edrosa.





O 21 de novembro as alumnas recibiron os diplomas acreditativos de asistencia ao mesmo. O Acto, que tivo lugar na sala de reunións de Presidencia (1º andar) do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, estivo presidido polo Delegado Provincial de Lugo da Consellería de Presidencia, Don Luis Rodríguez Edrosa.





### 2.4.20. Curso de Formación en Limpeza de Montes: I Edición

O Curso de Formación en Limpeza de Montes estivo dirixido a formar a 15 persoas de Lugo na súa maioría desempregados, en materias relacionadas co coidado e mantemento dos Montes. O Curso estivo subvencionado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo e xestionado por Alar Galicia. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 100 horas. Celebrado nas aulas de CERFORTRANS LUGO dende o 29 de setembro e ata o 3 de novembro de 2008.









O Curso contou con unha formación completa e integral en materia relacionada coa limpeza de montes, dende o funcionamento e estrutura dos órganos competentes en materia agroforestal: Consellería de Medio Rural e Consellería de Medio Ambiente, os factores de formación da vexetación: auga, chán, clima, orografía, o estado actual dos montes galegos: composición da vexetación, especies máis comúns e produtivas en Galicia e a importancia da plantación de frondosas como produción de calidade, valor paisaxístico e método de prevención de incendios. Os conceptos de multifuncionalidade e xestión sostible do monte, a Lei de Montes, a Lei de Montes Vecinais en Man Común,a Lei de Prevención de Incendios, a Lei de Espazos Naturais Protexidos, as boas prácticas no sector agroforestal e as tarefas de limpeza en montes e ríos.





A creación de emprego e fixación da poboación ao medio rural e a importancia de un plan de xestión das actividades que se levarán a cabo e tratamento de residuos xerados de dita actividade. Por último, a organización e previsión dos traballos a realizar no medio forestal, para a prevención de riscos laborais.

| | |
|---|---|
|  |  |

Durante o Curso, os alumnos realizaron prácticas no Parque Rosalía, unha visita guiada ao centro Distrito no Ceao en Lugo xunto ao Delegado Provincial de Lugo da Consellería de Medio Rural Don Emilio López Pérez e realizaron prácticas nos Montes de Taboada (Lugo), da man do servizo de Axentes Forestais da Xunta de Galicia.

| | |
|---|---|
|  |  |
|  |  |

O 20 de outubro os alumnos do Curso de Formación en Limpeza de Montes, recibiron os diplomas acreditativos de asistencia ao mesmo. O Acto estivo presidido polo Delegado Provincial de Lugo da Consellería de Medio Rural Don Emilio López Pérez.





## *2.4.21. Curso de Atención a Persoas Dependentes: II Edición*

Subvencionado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade da Xunta de Galicia, o Curso estivo dirixido a formar a 15 mulleres desempregadas co obxectivo de completar unha formación teórica e práctica sobre a atención a persoas dependentes. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 200 horas. Celebrado nas aulas de CERFORTRANS LUGO dende o 24 de setembro e ata o 30 de outubro de 2009.





As persoas recibiron unha completa formación teórica-práctica en materia relacionada coa atención a persoas dependentes e módulos transversais como son os de políticas de igualdade e asesoramento e orientación laboral.











A formación completouse con visitas prácticas a centros residenciais de maiores e persoas dependentes como foron o Centro Carlos IV e ASPNAIS de Lugo.





## *2.4.22. Curso de Coaching Dependencia: III Edición*

O **Proxecto Coaching Dependencia** tivo por obxecto o desenvolvemento de accións formativas relacionadas coa Atención a Persoas Dependentes, ligadas á inserción laboral destinadas a 15 persoas retornadas e inmigrantes. Este Proxecto estivo subvencionado pola Secretaría Xeral de Emigración de Presidencia da Xunta de Galicia. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 100 horas. Celebrado nas aulas de CERFORTRANS LUGO dende o 6 de outubro e ata o 3 de novembro de 2009.






As persoas participantes recibiron unha completa formación en materia relacionada coa atención as persoas dependentes, xunto cos módulos transversais de políticas de igualdade e asesoramento e orientación laboral, a través de un seminario práctico laboral da empresa Alcia Servizos SL por medio do seu Director Xerente Iván Sánchez López.





O Curso complementouse con visitas de carácter práctico aos Centros Aspnais de Lugo e Residencial Carlos IV de Outeiro de Rei.











O 3 de novembro as alumnas recibiron os diplomas acreditativos de asistencia ao mesmo. O Acto, que tivo lugar na sala de reunións de Presidencia do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, estivo presidido polo Delegada Provincial de Lugo Dona Raquel Arias  Rodríguez.





### 2.4.23. Curso de Formación en Limpeza de Montes: II Edición

Durante o mes de setembro e outubro de 2009 Alar Galicia realizou unha nova edición da acción formativa Formación en Limpeza de Montes que durou 100 horas e subvencionado pola Consellería Medio Rural da Xunta de Galicia.





O obxecto do curso foi formar profesionalmente a 16 persoas desempregadas nas materias relacionadas coa limpeza e coidado do montes galegos, incluíndo diversas prácticas no aeródromo de Rozas, nos montes mancomunados de Taboada cos axentes forestais sobre o manexo das máquinas desbrozadoras e das serras mecánicas e incendios controlados entre outros, e visitas a centros de interese como o Distrito Centro de O Ceao.





Os alumnos percibiron unha dieta de kilometraxe de 115 euros pola realización do curso. Alar Galicia traballa actualmente a través da Axencia de Emprego na inserción laboral dos alumnos, a través das listas do SEAGA de peóns de montes, e de diversas empresas especializadas no traballo nos montes e no medio ambiente.




O Acto de entrega de diplomas foi o 16 de outubro de 2009, e estivo presidido pola Delegada Territorial de Lugo Raquel Arias Rodríguez.





### *2.4.24. Curso de Atención a Persoas Dependentes: III Edición*

Subvencionado polo Servizo Galego da Igualdade da Xunta de Galicia, o Curso estivo dirixido a formar a 15 mulleres desempregadas co obxectivo de completar unha formación teórica e práctica sobre a atención a persoas dependentes. Ámbito de actuación: Lugo. Duración do Curso: 100 horas. Celebrado nas aulas de CERFORTRANS LUGO dende o 17 de novembro e ata o 14 de decembro de 2010.





As persoas recibiron unha completa formación teórica-práctica en materia relacionada coa atención a persoas dependentes e módulos transversais como son os de políticas de igualdade e asesoramento e orientación laboral.

A formación completouse con visitas prácticas a centros residenciais de maiores e persoas dependentes como foron o Centro Carlos IV e ASPNAIS de Lugo.






## 2.4.25. Curso de Formación en Limpeza de Montes: III Edición

Alar Galicia realizou unha nova edición da acción formativa Formación en Limpeza de Montes que durou 100 horas e subvencionado pola Consellería Medio Rural da Xunta de Galicia, dende o 4 de novembro e ata o 3 de decembro de 2010






O obxecto do curso foi formar profesionalmente a 15 persoas desempregadas nas materias relacionadas coa limpeza e coidado do montes galegos, incluíndo diversas prácticas como a realizada na Reserva de Caza dos Ancares da Xunta de Galicia visitas a centros de interese como o Distrito Centro de O Ceao.





O Acto de entrega de diplomas foi o 10 de decembro de 2010, e estivo presidido pola Xefa Territorial de Presidencia Marta Barreiro Castro e o Xefe de Incendios Javier Ruiz





### *2.4.26. Curso de Formación en Limpeza de Montes: IV Edición*

Alar Galicia realizou unha nova edición da acción formativa Formación en Limpeza de Montes que durou 56 horas e subvencionado pola Consellería Medio Rural da Xunta de Galicia durante o mes de novembro de 2011.

O Curso dirixiuse a formación de 15 persoas desempregadas ou en condicións de necesidade residentes en Lugo e foi realizado nas Aulas de Formación de Cáritas Lugo.

Do mesmo xeito, o Curso acomodouse as necesidades de tempo de execución, polo que a programación formulada inicialmente tivo que ser modificada, aínda que en ningún caso foi en detrimento da optimización de recursos ou na impartición da docencia e implicación da entidade xestora no proxecto.

15 persoas foron as que iniciaron a súa participaron no curso de formación, e 15 as que remataron o proceso formativo e que ten dereito ao diploma acreditativo (superaron o 75% ou máis de asistencia ao Curso).

Das 15 persoas participantes 10 foron mulleres (máis do 75%), 10 persoas procedentes do mundo árabe 3 sudamericanos, todos eles desempregados.




O 1 de decembro ás 10.00 am na Sala de Reunións de Presidencia da Xunta de Galicia (edificio ronda) 1 piso, tivo lugar a entrega de diplomas as 15 persoas desempregadas participantes da IV Edición da acción formativa de Limpeza de Montes xestionada por Alar Galicia e cofinanciada pola Xunta de Galicia a través da Consellería do Medio Rural. O Acto estivo presidido polo Presidente de Alar Galicia Fernando González Truque e pola Xefa Territorial de Lugo de Presidencia da Xunta de Galicia Marta Barreiro.





## 2.5.- Axencia de Emprego:

Subvencionado pola Consellería de Traballo, Alar Galicia contou dende o ano 2002 e ata o 2009 coa contratación de un Técnico de Emprego e unha Unidade de Apoio que configuran a Axencia de Emprego.

REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO DE GALICIA

**Funcións:**

- Prospección dos recursos ociosos e infrautilizados no territorio, identificando novas actividades económicas susceptibles de xerar proxectos empresariais de promoción económica, así como iniciativas innovadoras que creen emprego.

- Elaboración e posta en práctica de plans de actuación que contribúan á dinamización socioeconómica no seu ámbito de influencia a prol da iniciativa emprendedora e da creación de emprego.

- Difusión e estímulo dos potenciais proxectos de creación de novas unidades produtivas entre desempregados, promotores e emprendedores, así como entre as posibles institucións colaboradoras.

- Acompañamento técnico dos proxectos emprendedores que xurdan no territorio na fase do seu lanzamento, así como dos promotores, durante as primeiras etapas de funcionamento das novas empresas, para facilita-la súa consolidación como negocios sostibles que xeren postos de traballo.

- Asesoramento ós desempregados, en estreita coordinación con outras unidades do Servizo Público de Emprego de Galicia, así como con outros organismos da Administración Autonómica, para propiciar un maior coñecemento dos servizos e instrumentos existentes en favor da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional.

- Investiga-las oportunidades de desenvolvemento e emprego existentes no territorio, por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos recursos dispoñibles, así como do uso de métodos e sistemas que permitan a planificación, coordinación e posta en práctica de actuacións e estratexias de políticas activas de emprego, fundamentalmente vinculadas ós filóns de emprego.

- Facilitar información sobre as potencialidades de emprego e desenvolvemento, a través da súa organización, sistematización e divulgación entre os técnicos e axentes de emprego, os responsables de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, e os demais actores involucrados na promoción socioeconómica do territorio.

- Apoiar, dinamizar e avaliar proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

- Desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas a facilita-la inserción laboral, por conta allea ou propia, dos desempregados, especialmente daqueles que se beneficiaron dalgún dos programas experimentais promovidos no territorio.

Ámbito de Actuación: Comunidade Autónoma de Galicia.








Durante o mes de Maio de 2005 a Axencia de Emprego de Alar Galicia a través do seu Técnico de Emprego Fernando González Truque, iniciou no Centro IES Politécnico de Lugo as Xornadas de Orientación e Asesoramento laboral á mocidade lucense de entre 16-18 anos de idade que cursan o ciclo BAC. Estas Xornadas foron anunciadas nos medios de comunicación de Lugo (El Progreso, Radio Voz e outros).




(9 E 10 DE MAIO)

O obxecto das xornadas foi achegar aos mozos de Lugo a información sobre a situación do mercado laboral lucense e galego, os novos xacementos e tendencias de emprego, as titulacións e ciclos de FP máis demandados, as técnicas actuais en materia de busca de emprego (elaboracións de curriculum vitae, cartas de presentación, entrevistas de traballo), as oportunidades para a creación de empresas (subvencións dispoñibles) ou as axudas para a incorporación laboral de mozos menores de 30 anos (Programa LABORA).

A Axencia de Emprego fixo entrega os mozos de diverso material de utilidade facilitado pola Rede de Técnicos de Emprego da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia e a información necesaria sobre os puntos de atención e asesoramento laboral e empresarial existentes en Lugo, que faciliten o acceso dos mozos ás novas oportunidades do mercado.

# INSTITUTO POLITÉCNICO

**(MARTES 10 MAIO)**





# INSTITUTO ANXEL FOLE

**(MÉRCORES 11 MAIO)**






# INSTITUTO LEIRAS PULPEIRO

**(XÓVES 12 MAIO)**





O Proxecto Coaching Menores leva traballando en Lugo dende o ano 2001 cos menores en risco de exclusón social, colaborando activamente coa administración local e autonómica na mellora das condicións de vida de este colectivo, a través da mellora actitudinal, autoestima e nas habilidades sociais a través do apoio psicolóxico e educativo, así como a millora aptitudinal nos casos de menores que desexen incorporarse o mercado laboral, como base de socialización necesaria para evitar a exclusión social.





PULL&BEAR






Os rangos de maior idade serían os menores de 12 e 13 anos, representados cun 36% ámbolos dous, seguido do de 14 anos cunha representación do 21%, presentándose só un caso dun menor con 15 anos.



En canto á nacionalidade de cada un dos menores, como ben reflexa a seguinte táboa, a maioría dos integrantes do Proxecto Coaching Menores son españois, representado por un 65%, e seguido das nacionalidades uruguaia, búlgara, arxentina, colombiana e dominicana cun 7% respectivamente.




As problemáticas máis frecuentes coas que nos atopamos en cada unha das intervencións son as seguintes por orde de máxima representación:

- Desmotivación (25%)
- Fracaso escolar e Apoio Educativo (!9%)
- Problemas de conduta e resolución de conflictos (11%)
- Autoestima (7%)
- Psicomotricidade e desadaptación situacional (4%).

**PROBLEMÁTICA/IDADE**




| | 12 anos | 13 anos | 14 anos | 15 anos |
|---|---|---|---|---|
| Desadaptación situacional | 1 | | | |
| Desmotivación | 2 | 2 | 2 | 1 |
| Autoestima | 1 | 1 | | |
| Apoio Educativo | 2 | 2 | 1 | |
| Resolución de conflictos | 1 | 1 | 1 | |
| Fracaso Escolar | 1 | 1 | 2 | 1 |
| Problemas de conduta | 1 | 1 | | 1 |
| Psicomotricidade | | 1 | | |

Como ben reflicte a anterior táboa os rangos de idade que presentan maior número de problemáticas son os de 12 e 13 anos seguido do rango dos 14, quedando así un menor de 15 anos que presenta tres problemáticas.




| | ESPAÑOLA | ARXENTINA | BÚLGARA | URUGUAIA | COLOMBIANA | DOMINICANA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Desadaptación situacional | | | | | | 1 |
| Desmotivación | 4 | 1 | | 1 | 1 | |
| Autoestima | 2 | | | | | |
| Apoio educativo | 5 | | | | | |
| Resolución de conflictos | 2 | | 1 | | | |
| Fracaso escolar | 2 | 1 | | 1 | 1 | |
| Problemas de conduta | 1 | | 1 | | 1 | |
| Psicomotricidade | 1 | | | | | |

Na anterior táboa pódese observar que a nacionalidade que maior número de problemáticas presenta é a española, debido este feito a que hai un maior número de casos de dita nacionalidade. Por outra banda as problemáticas máis presentes nos menores son as de desmotivación e fracaso escolar.




| | 12 ANOS | 13 ANOS | 14 ANOS | 15 ANOS |
|---|---|---|---|---|
| HOME | 3 | 4 | 3 | 1 |
| MULLER | 2 | 1 | | |

En canto as variables idade/xénero a táboa anterior mostra que predomina o sexo masculino ante o feminino. Dentro da variable home o maior porcentaxe atópase no rango de idade dos 13 anos, seguido dos rangos 12 e 14 anos que mostran a mesma porcentaxe. Por outra banda a variable muller mostra a súa maior porcentaxe no rango de idade dos 12 anos.

## -Protocolo de Actuación Interna Coaching Menores:

### 1. Marco lexislativo:

O equipo técnico de Alar Galicia desenvolve o seu traballo amparándose nas seguintes leis:

**-Ley Orgánica 15/1999, de 13 de Diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal**.

"La presente Ley Orgánica tiene por objeto garantizar y proteger, en lo que concierne al tratamiento de los datos personales, las libertades públicas y los derechos fundamentales de las personas físicas, y especialmente de su honor e intimidad personal y familiar."

**-Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil.**

"La presente Ley y sus disposiciones de desarrollo son de aplicación a los menores de dieciocho años que se encuentren en territorio español, salvo que en virtud de la Ley que les sea aplicable hayan alcanzado anteriormente la mayoría de edad."

### 2. Obxecto:

O Proxecto Coaching Menores ten como obxecto a protección e prevención a través do acompañamento individualizado do menor que poida estar en situación de posible desprotección, desamparo ou conflicto social, e que poida ser susceptible de incorporarse á marxinación ou á exclusión social, así como daqueles que estando baixo a tutela das Institucións considérese interesante incorporar ó Proxecto.

O obxectivo é posibilitar experiencias educativas que favorezan o desenvolvemento de habilidades sociais que doten ó menor das competencias persoais adecuadas para o seu desenvolvemento integral, atendendo as súas necesidades e expectativas.

## 3. Destinatarios:

Este Proxecto vai dirixido a menores de idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos.

## 4. Ámbito de actuación:

Provincia e Concello de Lugo.

## 5. Problemáticas:

- DESMOTIVACIÓN
- FALTA DE ASERTIVIDADE
- FRACASO ESCOLAR
- PROBLEMAS NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS
- PROBLEMAS DE ATENCIÓN OU CONCENTRACIÓN
- BAIXA AUTOESTIMA E INSEGURIDADE

**DESMOTIVACIÓN**: Problemática moi relacionada co fracaso escolar. É habitual que os rapaces non reciban un incentivo por parte da súa familia en temas escolares, pero non só no ámbito educativo, a maioría das veces esta problemática esténdese de igual modo a outras áreas, como á relación cos demais ou á súa perspectiva de futuro. É fundamental nestes casos identifica-los gustos e intereses dos rapaces e a proposición de metas a curto e medio prazo.

**FALTA DE ASERTIVIDADE:** Normalmente é unha carencia que se fai evidente nas relación cos iguais, e en menor medida con pais e profesores. Relacionada ás veces con inseguridades ou baixa autoestima. O rapaz non é capaz de dicir que non a determinadas peticións, cústalle dar a súa propia opinión e móstrase dubitativo á hora de tomar decisións.

**FRACASO ESCOLAR:** Trátase dunha das problemáticas máis frecuentes cun compoñente importante de desmotivación. É habitual que o rapaz non encontre sentido ó que está a estudar, cales son os obxectivos ou a finalidade do estudio en si. Normalmente a falta de resultados positivos no ámbito académico, leva á desmotivación, e ó contrario. Neste caso o rapaz entra nunha dinámica de frustración e indefensión,na que cre que non é capaz de cambiar estes resultados e polo tanto, non fai nada por elo.

É importante, neste caso incitar a un cambio de conduta que provoque resultados a curto prazo e incidir na importancia do esforzo persoal para acadar os obxectivos desexados. Do mesmo modo, nos casos en que o precisen , contar co apoio escolar.

**PROBLEMAS NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:** Son comúns os conflitos entre iguais e mesmo cos pais. Moitas veces a intensidade destes vai aumentando porque os rapaces carecen de mecanismos de actuación adecuados para resolver este tipo de problemas. Faise necesario traballa-la empatía e o respecto ós demais, así como aplicar distintas solucións a problemas diferentes.

**PROBLEMAS DE ATENCIÓN OU CONCENTRACIÓN:** Esta problemática está directamente relacionada co fracaso escolar. Dáse sempre nos casos de T.D.A.H. (Trastorno de Déficit de Atención por Hiperactividade). De este modo é imprescindible traballar en actividades que impliquen atención sostida, e descartar todos aqueles estímulos distractores que impidan a concentración exclusiva na tarefa.

**BAIXA AUTOESTIMA E INSEGURIDADE:** En contra do que se cre, a baixa autoestima non está directamente relacionada coa introversión. Moitas veces é todo o contrario, rapaces que queren chama-la atención dos demais polos seus sentimentos de inferioridade e que camuflan debaixo de condutas ou comportamentos disfuncionais na casa ou no ámbito escolar.

## 3.3.- Proxecto Súmate: Proxecto de continuidade

O Proxecto Súmate é un programa de apoio ás mulleres monoparentais con fillos e fillas menores ó seu cargo. Na meirande parte dos casos, son as mulleres as que encabezan este tipo de familias con cargas, partindo xa dunha situación de desigualdade de oportunidades. Este Proxecto desenvólvese en Lugo dende o ano 2015 e exténdese ata o ano 2019, cunha media de 50 mulleres monoparentais atendidas cada ano por Alar Galicia, e conta co apoio da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

As mulleres teñen unha maior necesidade de conciliar vida familiar e laboral, e finalmente, atopan grandes dificultades para acceder ós mecanismos de información e de asesoramento.

Todas estas dificultades non só inflúen na vida destas mulleres, senón que tamén afectan ó seu entorno, especialmente ós fillos. De ahí, que se faga necesaria a existencia do Proxecto Súmate, a intervención directa con elas, mellorará a súa calidade de vida, e ademais, indirectamente, terá resultados positivos nos seus fillos, evitando así a permanencia na espiral da exclusión social. Trátase de levar a cabo con cada usuaria un traballo personalizado, adecuando a intervención ás súas características e circunstancias persoais e atendendo ás súas propias demandas.

Segundo informes da ONU, hai 90 millóns de mulleres fóra dos seus países de orixe que, ó marcharse, están cada vez mais motivadas por razóns de mellora persoal que por cargas familiares, ó contrario do que sucede cos homes. As mulleres móvense de forma cada vez mais autónoma e activa e as súas aportacións son cada vez mais fundamentales, tanto para os países de partida como os de acollida. Naqueles, convértense en moitas ocasións na principal fonte de ingresos das súas familias e en auténticos motores de desenvolvemento para as súas rexións. Nos países de chegada contribúen decisivamente a soster o estado de benestar e á resolución de problemas sociais- como o coidado de anciáns ou persoas dependentes-, aínda que na maioría das ocasións, estas contribucións sexan invisibles ou pouco prestixiadas socialmente.

Os patróns mais frecuentes de inmigración feminina en España son: as mulleres que emigran soas coa idea de obter ingresos para elas e a súa familia; as que veñen a través de unha reagrupación familiar para reunirse coa súa parella ou outros familiares que xa están instalados aquí; as que foxen por condicións de vida dramáticas no seu país como guerras, fame ou intensa discriminación de xénero; e finalmente as estranxeiras cuxa motivación é estudar, completar os seus estudos, ou perfeccionar a súa profesión.

A veces trátase de xefas de fogares monoparentais, viúvas ou solteiras, con fillos que veñen coa intención de encontrar independencia económica.

Sinalouse que as remesas das mulleres contribúen incluso a paliar as desigualdades internacionais. Así segundo a Estatística en relación á distribución da poboación municipal total do municipio de Lugo, agrupada por nacionalidade correspondente ao padrón municipal de habitantes referido a 06/05/2014 acádase unha cifra de 52767 mulleres. Así as rexións das que proceden a meirande parte das mulleres é de Latinoamérica (de países como Perú, México, República Dominicana, Uruguay, Paraguay, Panamá, Colombia, Brasil, Venezuela…) seguido de migracións procedentes do continente asiático (China, Corea, Pakistán, Siria…), do continente africano (de países como Senegal, Túnez, Nixeria…) e por último migracións menos chamativas cuantitativamente que teñen como país de orixe, por exemplo, Nueva Zelanda, Países Baixos, E.E.U.U… De acordo cos obxectivos de loita contra a pobreza e a exclusión social contemplados no plan estratéxico Europa 2020 promóvese unha economía intelixente, sostible e integradora. Estas tres prioridades, as cales se reforzan mutuamente, contribuirán a xeración de emprego, produtividade e cohesión social.
Así, para acadar os obxectivos incluídos na estratexia "Europa 2020", as institucións europeas recoñecen que é preciso, entre outros requisitos, conseguir que se utilice o potencial e o talento das mulleres europeas de forma mais extensa e eficaz. A igualdade de xénero no mercado de traballo europeo supoñería unha vía para mellorar a situación actual de Europa respecto aos seus competidores, xa que aportaría vantaxes económicas e empresariais á UE.

## - DESTINATARIAS

As destinatarias do Proxecto Súmate, son mulleres pertencentes a familias monoparentais, e que por distintas causas encóntranse en risco de exclusión social. Na maioría dos casos trátase de familias de baixos recursos, en situación de desemprego e con necesidade de información e orientación. Así, as problemáticas máis habituais que presentan estas mulleres son: desemprego, procesos complicados de separación ou divorcio e violencia de xénero; coexistindo, ás veces, varios problemas nun mesmo caso.

- Mulleres desempregadas: trátase de ampliar as súas posibilidades de atopar emprego e mellorar a súa situación económica. De esta maneira, infórmaselles da oferta formativa existente na cidade e oriéntaselles en técnicas de procura de emprego, elaboración do curriculum vitae ou cómo afrontar una entrevista persoal.
- Mulleres en situación de exclusión social: mulleres sen recursos económicos, laborais nin sociais e/ou en situación de desarraigo social (inmigrantes, prostitución, mulleres con problemas de adiccións graves ou severas)
- Mulleres en proceso de separación ou divorcio: é frecuente que se trate de procesos difíciles nos que non hai entendemento entre as partes, ademais do acompañamento social e físico, nos trámites necesarios, contarán tamén co apoio psicolóxico para manexar a nova situación, referente a elas mesmas, e á crianza dos seus fillos.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero: trátase de informalas de tódolos recursos dos que dispoñen na cidade: de información, de protección, de apio, así como das axudas que poden solicitar. O obxectivo é que as vítimas non se sintan soas polo que faise imprescindible o acompañamento social e ao apoio psicolóxico.

**- OBXECTIVOS**

Os obxectivos do Proxecto Súmate son:

- Previr as situación de risco social dos colectivos con mais dificultade e menos recursos.
- Potenciar a autonomía das familias monoparentais, eliminando ou mellorando as situación precarias e de vulnerabilidade.
- Favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, posibilitarlle a asistencia a actividades de formación continua e posibilitar o autoemprego.
- Promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional.
- Axudar á crianza dos nenos e nenas e favorecer a súa socialización.
- Facilitar ós proxenitores as situación cotiás para que teñan igualdade de oportunidades.

De acordo co plan estratéxico Europa 2020:

- Traballaremos en colaboración coa sociedade civil para contribuír con maior eficacia a que se apliquen as reformas de política social, sendo clave a participación cidadá como catalizador das estratexias de inclusión.
- Traballo en rede, xa que con un método aberto de coordinación no ámbito da protección social e a inclusión social abarcarase unha maior diminución destes colectivos.
- Así preténdese que a nivel europeo:
    - Respecto ó emprego o 75% da poboación con idades comprendidas entre os 20 e os 64 anos debería estar empregada.

- Respecto á educación, que a porcentaxe de abandono escolar debería ser inferior ao 10% e polo menos o 40% da poboación comprendida entre 30 e 34 anos debería ter estudios superiores completos.
- Respecto á pobreza/ exclusión social que o número de persoas ameazadas polo risco de pobreza debería reducirse en 20 millóns de persoas.

Para acadar estes obxectivos realízanse una serie de actividades dentro da intervención como son:

- Acompañamento social en trámites administrativos.
- Busca de axudas económicas e sociais existentes nas distintas Administracións Públicas e Entidades Privadas.
- Apoio a nivel psicolóxico e fortalecemento de autoestima.
- Realización de seminarios e actividades grupais de interese.
- Información sobre a oferta formativa existente e apoio en trámites de inscrición e realización dos cursos.

- Fomento da creación de novas empresas.
- Diminución da taxa de desemprego.
- Aumento da cualificación profesional dos desempregados.

As entidades coas que traballa Alar Galicia configurando unha rede de complicidade social son:

- Xunta de Galicia
- Centros de Educación Secundaria
- Centros Sociais Municipais
- Cruz Vermella
- Programa de apoio ás familias monoparentais
- Xulgado de Menores de Lugo
- Fiscalía de Menores de Lugo
- Centros educativos

## 3.4.- Proxecto Mellora:

- **Obxectivo**: O Proxecto Mellora está orientado a mellorar as condicións de vida de 80 mulleres en situación de exclusión social en Lugo, a través de **Itinerarios Personalizados de Inserción e a través da Mediación Social e/ou Intercultural**

-**Ubicación**: O Proxecto atópase contextualizado en Lugo e dirixido para mulleres en situación de exclusión social residentes en Lugo. A intervención e a atención directa coas usuarias realizarase na sede de Alar Galicia ubicadas na rúa Calexón da deputación sn de Lugo, que dispón actualmente das medidas necesarias (planchas de metacrilato que separan aos traballadores das persoas usuarias, mascarillas de usu gratuíto, xel desinfectante e desinfección total semanal das instalacións da entidade) para realizar correctamente o traballo sen prexuicio de infección. Tamén contemplase a posibilidade de realizar seguementos ou intevencións de maneira telefónica ou a través de mail ou de videochamada se fose preciso (MEDIDAS ANTICOVID 19)



**- Itinerarios Personalizados de Inserción:** A intervención social xira en torno ao deseño de **Itinerarios Personalizados de Inserción** (IPI) adaptados ás necesidades e expectativas de cada muller participante. O IPI é entendido como un conxunto integral de actuación, consensuadas coa persoa participante no proxecto, que teñen por obxectivo a mellora das súas condicións persoais e sociais e en particular a mellora da súa empregabilidade, para conseguir a súa inserción laboral e social.

Este conxunto de actuacións van desde a fase de información e acollida ata o seguimento posterior á súa finalización, e que, partindo do diagnóstico da situación persoal, familiar e social das persoas participantes, teñen o seu núcleo central na elaboración e implementación dun itinerario personalizado de inserción que contemple a intervención psicosocial, orientación sociolaboral, formación ocupacional, prelaboral e laboral, prospección do mercado laboral e procura activa de emprego.

**-Obxectivos xerais:**

a) Favorecer a incorporación das persoas participantes á vida laboral.
b) Promover a inserción e permanencia laboral.
c) Proporcionar información sobre os dereitos laborais e garantir o seu cumprimento.
d) Dar a coñecer os deberes profesionais de cara a favorecer a adaptación ao posto de traballo.
e) Mellorar as habilidades persoais e sociais así como o seu nivel actitudinal e aptitudinal de cara á inserción sociolaboral.
f) Previr as situacións de risco social dos colectivos con máis dificultades e menos recursos para o fomento da igualdade de oportunidades.
g) Facilitar a inclusión social e favorecer a autonomía das persoas en situación de exclusión social.
h) Traballar en rede coa administración local e autonómica e con outras entidades do terceiro sector na mellora das condicións de vida das persoas incorporadas ao proxecto.

**- Actuacións de intervención:**

a) Itinerarios adaptados a cada participante
b) Orientación laboral e vocacional
c) Acompañamento social
d) Apoio psicolóxico
e) Información sobre os recursos sociais existentes
f) Asesoramento sobre os dereitos das persoas traballadoras
g) Acceso a formacións
h) Prácticas en empresas
i) Prospección laboral



**-Fases de intervención:**

O Proxecto Mellora é un programa de intervención integral dirixido a persoas desempregadas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou integrantes de unidades de convivencia beneficiarias da dita renda, co fin de dotalas das motivacións, habilidades, competencias e capacidades que require o tecido empresarial para o acceso ao emprego, de xeito que a través da inserción laboral se poida reverter a súa situación de exclusión social.

A intervención con cada participante consta de varias fases:

## *A)* 1ª FASE: *Información e acollida*

Durante a primeira fase é cando se produce a incorporación da persoa en situación de exclusión social ao proxecto.

A selección das persoas participantes realizarase polo equipo técnico de Alar Galicia tendo en conta que cumpra os requisitos establecidos no proxecto.

As participantes poden ser derivadas a esta polos Servizos Sociais Municipais, polo Servizo Público de Emprego, polo Servizo de Menores e Familias da Xunta de Galicia, procedente doutras entidades do terceirto sector ou por iniciativa propia.
A incorporación lévase a cabo a través dunha solicitude formal firmada pola participante e a directiva da entidade, coa autorización previa desta. A partir dese momento, o Equipo Técnico comprométese a cumprir a normativa de confidencialidade de datos segundo a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, comprométese a cumprir a normativa sobre o tratamento dos datos facilitados. Cada persoa participante deberá asinar un documento de compromiso de participación no programa, así como a conformidade cun informe final no que se recollan as actuacións realizadas e os obxectivos conseguidos.

Realizarase unha entrevista inicial na que se levará a cabo unha avaliación por áreas da situación actual da participante, identificándose os déficits, necesidades e expectativas e realizanco un diagnóstico da situación persoal, familiar e social de cara a ter en conta no deseño das actuacións posteriores.

No caso de detectarse na fase de preintervención algún tipo de patoloxía psiquiátrica severa (esquizofrenia, trastorno maníaco-depresivo, etc.) ou se se detecta a presenza de deterioración cognitiva severa (demencia ou un déficit de intelixencia importante), recoméndase a súa inclusión nun programa de carácter psiquiátrico ou o servizo correspondente.

### *B)* 2ª FASE: *Deseño dun itinerario personalizado de inserción sociolaboral*

Despois da realización da entrevista inicial, ten lugar o deseño dun Itinerario Personalizado de Inserción (IPI). Establécense uns obxectivos de cara á inserción sociolaboral da persoa participante así como un calendario de reunións e actuacións en función das características de cada caso concreto, tendo en conta as súas necesidades e expectativas persoais. Este itinerario pode variar adaptándose ás posibles novas demandas da persoa usuaria.

### *C)* 3ª FASE: *Implantación do itinerario e finalización*

Durante o transcurso da intervención de cara a implantación do itinerario, partindo das demandas da persoa participante e adaptándose ás súas necesidades, levarase a cabo un traballo personalizado e individualizado, que comprenderá as seguintes actuacións:

a) Orientación sociolaboral
b) Formación ocupacional
c) Mellora da cualificación profesional: formación prelaboral e laboral
d) Prospección do mercado laboral
e) Ferramentas para a procura activa do emprego

## *D)* 4ª FASE: *Seguimento do itinerario*

O seguimento do itinerario terá lugar durante o desenvolvemento do mesmo e con carácter posterior á súa finalización. Trátase de realizar un seguimento desde a posta en marcha do itinerario e durante as actuacións levadas a cabo con cada persoa participante a nivel individual, con vistas á adaptación destas ás necesidades e expectativas cambiantes do forma personalizada. O seguimento posterior á finalización do itinerario realízase de cara a avaliar a consecución dos obxectivos a curto e longo prazo.

Considérase que unha persoa finalizou o itinerario cando complete a súa participación en todas as súas fases, agás que o equipo técnico xustifique que non se considere necesaria a súa participación nalgunha das accións de implantación do itinerario. Tamén se dará por finalizado o itinerario deseñado, no caso de que a persoa participante se inserte laboralmente antes da súa finalización, dentro do período de execución do programa.



O traballo de intervención coas persoas participantes termina cando se consideren solventados os problemas ou carencias que presentaban ao inicio da intervención. A decisión farase efectiva mediante a firma da usuaria e do persoal técnico dun documento de cese da intervención.

Enténdese por inserción laboral a formalización dun contrato de traballo, a incorporación como persoa socia traballadora nunha cooperativa ou a alta como traballadora por conta propia, por un mínimo de 6 meses e cunha xornada laboral non inferior ao 75% da xornada ordinaria no sector. Este periodo mínimo poderá ser continuo ou discontinuo nun período de 12 meses, sempre que cada contrato teña unha duración de polo menos 3 meses.

**- Mediación Social e/ou intercultural:**

**Servicio de Mediación Social** dispoñible para solventar os posibles conflictos sociais que poidan xurdir no entorno da muller incoporada ao Proxecto Mellora (social, familiar, comunitario, xurídico...). Estes problemas poden ser de diferentes tipos (diferentes valores, diferentes puntos de vista nas decisións ...).

Concepto: a Mediación social é un proceso non xurisdicional de xestión e resolución non adversativa de conflitos que presenta como principios inherentes que configuran a súa esencia. Ten un carácter voluntario e de autocomposición que outorga ás partes todo o poder de decisión, o que a distingue, xunto con outras características como a falta de forza executiva do acordo de mediación que ten o premio arbitral, tamén un sistema extraxurisdicional pero heterocompositivo.

Na mediación, o mediador ten unha intervención fundamental intentando que os suxeitos da parte mediada poidan aproximar os seus intereses e, se o desexan, chegar a acordos, pero de ningún xeito impón a solución, nin a propón, nin o asesora.

A mediación é un espazo onde se usa o diálogo cooperativo e no que dúas ou máis partes, implicadas nunha situación de conflito, e un terceiro, non implicado (a persoa mediadora), abordan de xeito construtivo as cuestións. que as partes decidiron tratar.

O mediador usa a linguaxe para crear empatía e conseguir a colaboración das partes desde os primeiros contactos, porque é a partir deste momento cando se establecen as primeiras impresións, desde onde se inicia o proceso de influencia para que todo o procedemento funcione sen problemas.

Por iso créase un contexto adecuado, as palabras e a linguaxe adáptanse aos protagonistas e á súa situación específica. O obxectivo é desenvolver un contexto propicio para que se inicie unha interacción entre os participantes, que, guiados polo mediador, avanzan na situación dende a que se iniciaron inicialmente para que a situación conflitiva poida ser percibida dende outros puntos de vista.

Debemos ter presente que a mediación é un proceso totalmente voluntario, polo que non se comezaría a desenvolver ata que todas as partes que vaian participar nel presten o seu consentimento. Para falar dun contexto de mediación verdadeiro, as partes deben acordar un obxectivo común e o papel que cada unha ten para alcanzar ese obxectivo.



**As mulleres incorporadas ao Proxecto Mellora teñen un servizo de mediación social disponible de luns a venres en horario de 16.00-21.00 om de luns a venres e recibirán formación durante todo o proceso que dure o Proxecto.**

**Servicio de mediación intercultural disponible para as situacións que así o precisen.** A mediación intercultural ocorre nos conflitos xerados entre persoas que pertencen a diferentes identidades culturais. Dito doutro xeito, a mediación intercultural prodúcese sempre que hai diferentes culturas en contacto e, polo tanto, o seu principal obxectivo é actuar proporcionando ás partes as ferramentas necesarias para axudalas a lidar coa diversidade, favorecendo a incorporación dunha minoría á sociedade sen ter que perder a súa propia identidade cultural e promover a promoción de encontros entre diferentes culturas que promovan a igualdade.

O obxectivo xeral da mediación intercultural é: CONSTRUIR UN NOVO MARCO DE COEXISTENCIA.

E por iso, as intervencións tenderán a alcanzar estes tres obxectivos específicos:

1. Facilitar a comunicación.
2. Promover a cohesión social.
3. Fomentar a autonomía e a integración social

## 3.5.- Proxecto Fénix:

Xurde coma resposta tanto ao aumento no número de casos de menores que levan a cabo condutas consumadas de violencia de xénero como no alarmante incremento de condutas sexistas e a alta tolerancia ou xustificación que amosan cada vez máis os menores respecto destas.



Os menores xa incorporados ao Proxecto Fénix son derivados ao proxecto principalmente polas entidades xestoras dos Centros de Intervención en Medio Aberto (CIEMA) como son a Fundación Camiña Social e a Asociación Centro Trama, tamén o Centro de Mores Santo Anxo. Con actuacións en Ourense, A Coruña e Lugo. A derivación prodúcese a través de carta certificada, onde se especifica como mínimo a situación do menor, as cargas penáis e as medidas impostas a través da Fiscalía de menores, así como o tempo de intervención recomendado.

O punto de partida de traballo é a firma do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade) e a Asociación Alar Galicia, enmarcado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a partir do 1 de xullo de 2019 que pon en marcha o desenvolvemento piloto do Proxecto Fénix. As intervencións realízanse na Comunidade Autónoma de Galicia, nas instalacións que Alar Galicia ten habilitadas na cidade de Lugo ou nas instalacións propias das entidades colaboradoras para o correcto desenvolvemento das actuacións.


elCorreoGallego

Primer Plano · Opinión · Galicia · Santiago · Tendencias · Deportes · Última Hora · Más

## A Xunta crea un proxecto para reeducar a menores suxeitos a medidas xudiciais por violencia de xénero

FÉNIX. A Consellería de Emprego e Igualdade, mediante a Secretaría Xeral da Igualdade, desenvolve en Galicia un programa pioneiro, denominado Proxecto Fénix, que promove a intervención integral con menores sometidos a medidas xudiciais por exercer violencia de xénero, cara á súa reeducación e prevención de futuras condutas violentas.

A iniciativa, coordinada pola Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais (Alar Galicia), é unha das propostas que a Xunta está a realizar no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este plan ofrece atención gratuita a toda esa xuventude gratuito e está financiada polo Goberno autonómico con 25.000 euros procedentes dos fondos que corresponden á Comunidade neste acordo.

A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, reuniuse co director de Alar Galicia, Fernando González Truque, co obxectivo de seguir os traballos que se están levando a cabo.

Tras unha primeira fase de difusión do proxecto e elaboración de materiais cos axentes que permanecen en contacto cos beneficiarios, xa se impartiron obradoiros de prevención a unha vintena de rapaces do centro de menores de Santo Anxo de Rábade en Lugo. Este plan pioneiro está baseado en evitar que se sigan dando casos de violencia machista e na intervención integral con menores. Neste senso, pretende eliminar condutas agresivas entre os mozos e tamén diminuír a súa reincidencia.

Unha parte desta labor céntrase ademais na modificación de procederes sexistas e en acompañar aos beneficiarios para que avancen cara a pautas que respecten o principio de igualdade.

No marco de colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade, Alar Galicia xa está a traballar con menores que teñen exercido violencia de xénero algunha vez na súa vida.
J.G

LINEA FIJA
FIBRA 600 Mb
MÓVIL 25 GB
39'90€ MES

¿Qué te pareció el artículo?

A parte encargada de facer efectiva a intervención directa coas persoas menores é o equipo técnico de Alar Galicia, composto por persoas tituladas en distintas ramas das Ciencias Sociais, como a psicoloxía e a mediación familiar. Froito da formación e tamén da experiencia do equipo con menores en dificultades acórdase que a intervención está sempre axustada á situación e características individuais e, de ser o caso, dos obxectivos establecidos no documento de derivación da persoa menor.

Os principais obxectivos do Proxecto Fénix son os seguintes:

- Educar o recoñecemento emocional e a súa xestión.
- Promover a modificación das crenzas e pensamentos que utiliza para xustificar as súas condutas agresivas a través de técnicas de reestruturación cognitiva.
- Realizar xogos de roles para fomentar a empatía.
- Ensinar técnicas e habilidades de resolución de conflitos.
- Traballar e mellorar as habilidades sociais.

- Fortalecer e favorecer o afianzamento da nova identidade non violenta adquirida.
- Erradicar as condutas violentas e reducir o nivel de reincidencia dos participantes.
- Minimizar os factores de risco relevantes nos delincuentes de xénero.
- Facilitar a adherencia e receptividade ao tratamento por parte dos agresores mediante un enfoque positivo do tratamento.
- Introducir melloras no funcionamento psicolóxico dos participantes.


Noticias de A Coruña

La Xunta lanza un proyecto para reeducar a menores que hayan agredido a sus parejas

Redacción | A Coruña | 26.10.2020 | 01:15

La Consellería de Emprego e Igualdade, a través de la Secretaría Xeral da Igualdade, desarrolla en Galicia un programa pionero denominado *Proyecto Fénix* que promueve la intervención integral con menores sometidos a medidas judiciales por ejercer violencia de género, de cara a su reeducación y prevención de futuras conductas violentas. Ya han participado en estos talleres una veintena de jóvenes.

El programa, coordinado por la Asociación para Proyectos Globales de Inserción e Integración Socio Laborales (Alar Galicia), forma parte del conjunto de medidas que la Xunta desarrolla en el marco del Pacto de Estado contra la Violencia de Género.

La secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, se reunió recientemente con el director de Alar Galicia para hacer el seguimiento de los trabajos que se están desarrollando este 2020 con menores. Tras una primera fase de difusión del proyecto y elaboración de materiales con los agentes que trabajan en contacto con los beneficiarios, ya se han impartido talleres de prevención a una veintena de jóvenes del centro de menores de Santo Anxo de Rábade, en Lugo.

## Colaboracións

A asociación centro Trama constitúese en 1991, é unha asociación que comeza intervindo en Madrid con minorías étnicas, ampliando os seus ámbitos de intervención a area de menores en conflito social na dos 90. En 2001 amplía os campos de intervención. O seu traballo na nosa comunidada comeza ese ano, en Ourense en 2001 ca apertura do seu terceiro centro de Medidas Xudiciais, co que seguen a traballar na actualidade.

A asociaón está inscrita no Rexistro de Entidades co número 11356 de Madrid.

Camiña Social é unha Fundación sen ánimo de lucro e de interese xeral galego que intervéñen non ámbito dos Servizos Sociais en Galicia, e que se rexe pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, so 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

Na súa páxina web descríbense como independentes e promoven proxectos, programas preventivos e de intervención, centros, investigación e estudos cunha clara finalidade social.

A Fundación está inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) mediante resolución do 13 de novembro de 2008, correspondéndolle o número 2008/18.

## SANTO ANXO

O Centro Educativo Santo Anxo en Rábade (Lugo) de titularidade pública, no que cumpren medidas de internamento os menores infractores, é outra das entidades cas que se está a levar a cabo o Proxecto. Con actuacións quincenais e grupos que varían en función da poboación do centro.



XUNTA DE GALICIA

Gobierno e instituciones Temas eServicios Transparencia

La Xunta desarrolla un proyecto pionero de reeducación para menores sometidos a medidas judiciales por violencia de género



Galici@PRESS TE INFORMA

PORTADA POLÍTICA SANIDAD ECONOMÍA DEPORTES CULTURA OPINIÓN MOVIMIENTOS GALICIA EN RED

La Xunta desarrolla un proyecto de reeducación para menores sometidos a medidas judiciales por violencia de género

Europa Press | Sábado, 24 de octubre de 2020, 15:20

La Conselleria de Emprego e Igualdade, a través de la Secretaría Xeral da Igualdade, desarrolla en Galicia un programa pionero -Proyecto Fénix- que promueve la intervención integral con menores sometidos a medidas judiciales por ejercer violencia de género, de cara a su reeducación y prevención de futuras conductas violentas.

El programa, coordinado por la Asociación para Proyectos Globales de Inserción e Integración Socio Laborales (Alar Galicia), forma parte del conjunto de medidas que la Xunta está desarrollando en el marco del Pacto de Estado contra la Violencia de Género.

La secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, se ha reunido estos días con el director de Alar Galicia para hacer el seguimiento de los trabajos que se están desarrollando este 2020 con menores. Tras una primera fase de difusión del proyecto y elaboración de materiales con los agentes que trabajan en contacto con los beneficiarios, ya se han impartido talleres de prevención a una veintena de jóvenes del centro de menores de Santo Anxo de Rábade, en Lugo.

Este proyecto pionero está basado en la prevención de violencia machista y en la intervención integral con menores. Busca eliminar conductas de violencia hacia las parejas o exparejas entre los jóvenes y disminuir las probabilidades de reincidencia. Una parte del trabajo se centra, además, en la modificación de conductas sexistas y en hacer un acompañamiento a los beneficiarios para que avancen hacia pautas de comportamiento que respeten el principio de igualdad.

En el marco de colaboración con la Conselleria de Emprego, Alar Galicia ya está trabajando con menores que han ejercido violencia de género, así como con aquellos que manifiestan conductas machistas en su entorno más próximo.

## 3.6.- ORIENTACIÓN LABORAL:

Alar Galicia conta dende o ano 2018 con un orientador laboral, a través da subvención da Dirección Xeral de orientación laboral da Xunta de Galicia, que permite atender aunha media de 700 persoas ao longo de todo o ano, en relación directa co Servicio Público de emprego de Galicia, co obxecto de mellorar a súa empregabilidade, dotalos de mecanismos e ferramentas útiles para a procura de emprego e realizar tarefas de prospección encamiñadas a inserción laboral das persoas desempregadas derivadas a Alar Galicia.



## 4.- 20 ANIVERSARIO ALAR GALICIA:

O pasado día 5 de maio de 2021 celebrouse nas instalacions da Xunta de Galicia en Lugo o vixésimo aniversario de Alar Galicia.








Chegada do Presidente Alberto Núñez Feijoo xunto ao resto de autoridades ao Acto.










Contou na mesa inaugural coa presencia do Presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijoo, xunto a Alcaldesa de Lugo Lara Méndez e a Conselleira de Traballo e Igualdade María Jesús Lorenzana xunto ao Director de Alar Galicia Fernando González Truque.



Posteriormente tiveron lugar tres mesas de traballo para falar sobre os Proxectos máis representativo da entidade como son o Proxecto Coaching Menores coa presencia do Xuiz Jose Antonio Vazquez Taín, do Proxecto Mellora coa presencia do Director Xeral de Politica Social Arturo Parrado Puente e finalmente do Proxecto Fénix coa presencia da Secretaria Xeral da Igualdade Susana López Abella xunto aos técnicos de Alar Galicia Carlos López, María López e Patricia Fernández.

| | |
|---|---|
|  |  |





Ao longo das xornadas entregaránse varios recoñecementos polo seu traballo a organizacions e institucións de Lugo como son o centro ASPNAIS, o IES Xoan Montes e o Centro de Menores Santo Ánxo en Rábade, incluído a Xunta de Galicia e ao Concello de Lugo polo seu compromiso no traballo contra a exclusión social.



# *5.- ACTIVIDADES ALAR GALICIA: 2022- XUÑO 2023*

## 5.1.- PROGRAMA COACHING MENORES: PROXECTO DE CONTINUIDADE




Dentro do programa Coaching Menores, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, durante o ano 2022 atendéronse a 58 usuarios entre os de continuidade e os de nova incorporación, a maioría , comezaron as intervencións por recomendación á familia do equipo de orientación do seu centro educativo.

A problemática mais significativa atopada nestes menores é a de dificultadas académicas. A seguinte problemática máis común é a de problemas de conduta debida á desmotivación e tamén polo resto de problemáticas. O malestar emocional, a dificultade de integración social e o baixo estado de ánimo serían as seguintes problemáticas máis comúns.

Durante o 2022 leváronse a cabo as seguintes actividades cos menores:

**Charla de ‘Diversidade Sexua l’ no centro educativo Divino Maestro (Lugo ).**



**Charlas de 'Micromachismos' no centro educativo Tino Grandío (Guntín, Lugo)**



**Charla sobre 'Prevención da Violencia de Xénero no centro educativo Sanxillao (Lugo).**



**Obradoiro de Autoestima**



**Asistencia ao Partido do Club de Baloncesto Breogán e Asistencia ao partido do Club Deportivo de Lugo**





**Actividades grupai: Scape Park, Ioga e Educación Sexual.**







Durante o que levamos de ano 2023 incorporáronse 19 menores en Lugo, a maioría das familias acudiron  por recomendación do equipo de orientación do seu centro educativo.

Ademais durante o segundo trimestre deste ano tivemos a colaboración neste programa de alumnas en prácticas da Facultade de Formación do Profesorado en Lugo, contamos con 6 alumnas que estiveron como observadoras en dúas sesións.

Tamén se levaron a cabo as seguintes actividades grupais.

**Actividade: Partido de fútbol no Anxo Carro de Lugo**






**Obradoiro grupal de Xestión Emocional**







A partir do mes de abril comezáronse a facer intervencións individuais con 7 menores dentro deste programa na provincia da Coruña, na nova oficina que se abriu este ano. A oficina está situada en Avd. Arteixo nº 14, 1º Oficina 4.

## 5.2.- PROGRAMA SÚMATE: PROXECTO DE CONTINUIDADE




O Proxecto Súmate, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, enmárcase dentro das accións levadas a cabo por Alar Galicia. É un programa de interese xeral que atende a fines de carácter social que comprende servizos de acompañamento psicosocial e orientación laboral de mulleres en situación de risco de exclusión social e con cargas familiares, co fin último de reducir a brecha de desigualdade existente entre mulleres e homes.

As accións levadas a cabo no programa de apoio a familias monoparentais encabezadas por mulleres, están orientadas a consecución dos seguintes obxectivos:

- Potenciar a autonomía das familias monoparentais mellorando as situación precarias e de vulnerabilidade.
- Axudar á crianza dos mais pequenos e a favorecer a súa socialización.
- Favorecer a incorporación da persoa responsable da familia á vida laboral, posibilitarlle a asistencia a actividades de formación e posibilitar o autoemprego.
- Promover a inserción e permanencia laboral de mulleres soas con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional.
- Previr as situación de risco social dos colectivos con mais dificultades.

Ao longo dos primeiros meses do 2022 leváronse a cabo diferentes accións para dar a coñecer o proxecto, que consiste na difusión do proxecto a través das redes sociais e paxina web da entidade, nas que se da a información básica para coñecer o programa e as pautas para inscribirse nel. Ao mesmo tempo se da a coñecer o programa ás nais dos menores doutros programas da entidade que podan necesitalo.

Leváronse a cabo actuacións con 38 mulleres dentro das provincias de Lugo e Coruña. O programa contempla a posta en marcha de actividades como o apoio psicolóxico, a mediación e asesoramento, a orientación laboral e as accións formativas. A maioría acudiu a nosa asociación en búsqueda de acompañamento psicolóxico. A problemática mais significativa é a de baixo estado anímico. A seguinte problemática con mais representación é o déficit de habilidades socioemocionais, seguido de baixa autoestima e sintomatoloxía ansiosa, déficit de habilidades sociolaborais e desmotivación.
Entre as actividades grupais que se levaron a cabo estaría:

**Asistencia ao Partido do Club de Baloncesto Breogán**



**Curso Manipulador de Alimentos.**



**Obradoiro sobre Violencia de Xénero e Igualdade**.



**Actividade: sesión de iniciación ao Ioga.**



**Obradoiro de Habilidades Parentais.**



**Ruta das pequerrechas.**



## Actividade: Visita guiada ao Museo Provincial de Lugo.



## 5.3.- PROXECTO MELLORA: PROXECTO DE CONTINUIDADE



XUNTA DE GALICIA · UNIÓN EUROPEA · Alar Galicia · Xacobeo 21-22

**Proxecto Mellora:programa de Inserción sociolaboral**
**(Nº EXPD BS631A/2022/7)**
**Orde do 21 de xullo (DOG nº 149, de 5 de agosto de 2022)**

**"Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social"**
**Operación financiada parcialmente con fondos REACT-UE pola Unión Europea como parte da resposta á pandemia da COVID-19**

Mellorar a inclusión socialaboral de mulleres en situación de exclusión social

**FSE GALICIA 2014-2020** **O FSE inviste no teu futuro**



ALAR GALICIA

PROXECTO MELLORA 2022/23

PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL

FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

**QUEN SOMOS?**
Alar Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro que traballa no ámbito dos fins sociais.

**ONDE ESTAMOS?**
Estamos sitos na Rúa Canella da Deputación, s/n,1°, 27001, Lugo.

**QUE FACEMOS?**
- POTENCIAR as capacidades persoais e sociais de cada participante para mellorar a súa inclusión sociolaboral.
- FAVORECER a incorporación das persoas participantes á vida laboral e posibilitarlles a asistencia a actividades de formación.
- PROMOVER a inserción e permanencia laboral das mulleres con risco de exclusión social e favorecer a súa promoción profesional.
- FOMENTAR a igualdade de oportunidades a diferentes niveis (persoal, familiar, laboral, social, económico, cultural)
- PREVIR as situacións de risco social dos colectivos con máis dificultades.

**COMO O FACEMOS?**
A través de:
- Itinerarios adaptados a cada participante.
- Orientación Laboral e acompañamento social.
- Accións formativas.
- Prácticas non laboráis e prospección de empresas susceptibles de contratar.
- Acceso a Información sobre os Recursos Sociais Existentes.
- Asesoramento sobre os Dereitos das Mulleres.
- Colaboración con outros servizos de inclusión sociolaboral.

O programa Mellora, subvencionado pola Consellería de Política Social, é un programa de inserción sociolaboral e mediación social e/ou intercultural dirixido a mulleres en exclusión social que ten como obxectivos principais:

- Favorecer a incorporación das persoas participantes á vida laboral.
- Promover a inserción e permanencia laboral.
- Proporcionar información sobre os dereitos laborais e garantir o seu cumprimento.
- Dar a coñecer os deberes profesionais de cara a favorecer a adaptación ao posto de traballo.
- Mellorar as habilidades persoais e sociais así como o seu nivel actitudinal e aptitudinal de cara á inserción sociolaboral.
- Previr as situacións de risco social dos colectivos con máis dificultades e menos recursos para o fomento da igualdade de oportunidades.

- Facilitar a inclusión social e favorecer a autonomía das persoas en situación de exclusión social.
- Traballar en rede coa administración local e autonómica e con outras entidades do terceiro sector na mellora das condicións de vida das persoas incorporadas ao proxecto.

Durante  ano 2022 atendéronse en total a 105 usuarias na provincia de Lugo nas que se levaron a cabo os seguintes módulos e actividades grupais:

- Habilidades persoais e sociais
- Introdución á informática
- Emprendemento
- Métodos activos de busca de emprego
- Formación en dereitos laborais e deberes profesionais
- Formación en mediación intercultural
- Formación en fomento igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero.





## 5. 4.- *PROGRAMA DE MEDIACIÓN SOCIAL Y/O INTERCULTURAL.*




XUNTA DE GALICIA | UNIÓN EUROPEA | Alar Galicia | Xacobeo 21-22

**Programa de servizos de apoio á inclusión sociolaboral: mediación social e/ou intercultural.**
**(Nº Expd. BS631A-2022-7)**

**Orde do 21 de xullo (DOG nº 149, de 5 de agosto de 2022)**

**"Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social"**
**Operación financiada parcialmente con fondos REACT-UE polaUnión Europea como parte da resposta á pandemia da COVID-19**

**FSE GALICIA 2014-2020** **O FSE inviste no teu futuro**

Alar Galicia plantexa un Servizo de Mediación Social, subvencionado pola Consellería de Política Social, dispoñible para solventar os posibles conflitos sociais que poidan xurdir no entorno da persoa participante incorporada ao Proxecto Mellora ou Mellora + (social, familiar, comunitario, sanitario, xurídico,...)

Obxectivo xerais do programa:

- Mellorar a integración das persoas inmigrantes e a convivencia, entre diferentes culturas, no ámbito comunitario.
- Identificar situacións de discriminación e racismo.
- Por en valor a tolerancia como modo de relacionarse entre as participantes, procedentes de diferentes culturas.
- Adquirir estratexias para a práctica da mediación
- Mellorar as habilidades para a resolución de conflitos

- Mediar nas situacións de conflito das participantes nos distintos ámbitos da súa vida (cultural, legal, persoal, social e familiar)
- Fomentar a autonomía e a integración social e facilitar a comunicación.

No ano 2022 atendéronse a 15 mulleres neste programa dentro da provincia de Lugo.

## 5.5.- PROXECTO FÉNIX: : PROXECTO DE CONTINUIDADE







O Proxecto Fénix, subvencionado pola Consellería de Promoción do emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é unha actuación integral con menores de idade que teñen imposta unha medida xudicial, por ter cometido un delito de violencia de xénero ou calquera outro delito, pero cun perfil que dende o centro onde cumpre a medida consideran beneficioso que participe nun programa educativo de sensibilización cara a igualdade entre os sexos e contra a violencia machista.

Os menores atendidos no Programa Fénix no ano 2022 serían 50. Os menores participan nas sesións grupais que se desenvolven en centros das catro provincias galegas:

4. Na provincia da Coruña xestionados pola Fundación Camiña Social:
    - No CIEMA da cidade da Coruña
    - No centro pechado de menores Concepción Arenal
5. Na provincia de Pontevedra, tanto no CIEMA de Vigo coma no de Pontevedra, xestionado pola Asociación Arela.
6. En Ourense no CIEMA xestionado pola Asociación Centro Trama.
7. En Lugo no Centro de titularidade pública Santo Anxo ubicado na localidade de Rábade.





Os obxectivos xerais dos obradoiros grupais son expoñer o escenario actual de desigualdade, sensibilizar respecto a estas diferenzas, facilitar a incorporación da perspectiva de xénero na súas relacións socias, motivar o autocoñecemento e o recoñecemento de emocións, e desterrar as crenzas negativas asociadas a loita feminista. A exposición psicoeducativa é levada a cabo en cada centro cunha frecuencia semanal ou quincenal, segundo o caso, e en grupos moi reducidos, entre 4 e 6 menores, a mesma pretende transmitir os participantes os contidos básicos do programa distribuídos en 6 módulos:

- Conceptos básicos
- Linguaxe inclusiva
- A violencia de xénero e a tecnoloxía
- Violencia na relación de parella
- Novas masculinidades
- A sexualidade en igualdade



## Un programa de la Xunta busca la reeducación de 50 menores juzgados por violencia machista

AGN

SANTIAGO. El Proxecto Fénix de la Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que promueve la intervención integral con menores sometidos a medidas judiciales por ejercer violencia de género, incorporó en lo que va de año a 50 jóvenes derivados a través de la Fiscalía de Menores. El programa busca «eliminar condutas de violencia cara ás parellas ou ex parellas entre os mozos e diminuír as probabilidades de reincidencia», explicó la secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella.

La alto cargo de la Xunta hizo balance ayer de esta iniciativa de sensibilización y prevención con la asociación Alar Galicia, encargada de coordinarla. Este 2022 cuenta con 50.000 euros de financiación y la idea es «levar a cabo o proxecto en todo o territorio galego».

La secretaria de Igualdade, con representantes de la asociación Alar. EP

**INSERCIÓN DE VÍCTIMAS.** Igualdade también otorgó 64.000 euros a Alar para el programa Adiante: paso a paso, con el que acompaña a mujeres víctimas de violencia de género por medio de itinerarios de inserción laboral personalizados. Ya optaron a él 24 mujeres en la provincia de Lugo, apuntó.



# El programa Fénix que intenta reconducir a jóvenes con medidas judiciales

La asociación Alar trabaja con 50 jóvenes de toda Galicia



Tiempo de lectura: 1' 20 sep 2022 - 07:07 | Actualizado 07:37

50 menores con medidas judiciales, algunos por violencia de género, participan en el programa Fénix para intentar evitar que reincidan. Son chavales de toda Galicia que han tenido problemas con la justicia y que están participando en los talleres que coordina la asociación Alar, con

Publicidad
Orange BLACK FRIDAY

50 menores con medidas judiciales, algunos por violencia de género, participan en el **programa Fénix para intentar evitar que reincidan.** Son chavales de toda Galicia que han tenido problemas con la justicia y que están participando en los talleres que coordina la asociación Alar, con sede en Lugo.

Patricia Fernández Varela es psicóloga de la asociación ALAR, que es la que coordina este programa y explica en Cope que están haciendo grupos de trabajo con los chavales. Incialmente muchos se muestran reacios a entender que su conducta ha sido incorrecta.

"De entrada nos encontramos con actitud defensiva porque ven como una ofensa cualquier derecho a la igualdad, pero les intentamos hacer entender que no es una lucha entre sexos", explica en Cope.

El programa Fénix cuenta con el apoyo de la secretaría xeral de Igualdade de la Xunta de Galicia.

Escucha en directo COPE, la radio de los comunicadores mejor valorados. Si lo deseas puedes bajarte la aplicación de COPE para iOS (iPhone) y Android.

Y recuerda, en COPE encontrarás el mejor análisis sobre la actualidad, las claves de nuestros comunicadores para entender todo lo que te rodea, las mejores historias, el entretenimiento y, sobre todo, aquellos sonidos que no puedes encontrar en ningún otro lado.



EL PROGRESO

17 de maio, dedicado a Florencio Delgado Gurriarán — Festexemos a cultura que nos une.

## "Las nuevas tecnologías causan situaciones de peligro como el sexting entre los más jóvenes"

Fernando G. Truque preside Alar Galicia, asociación que organiza una nueva edición de sus jornadas, bajo el título 'Menores e adiccións'. Resalta la calidad de algunos ponentes.

**¿Cuál es la principal labor de Alar Galicia desde su creación?**
Alar Galicia nació en el 2001 con la finalidad de diseñar proyectos de inclusión de los colectivos menos favorecidos.

XUNTA DE GALICIA
NOTICIAS DE HOY
Un alumno del IES San Xillao elegido mejor representante de la hostelería

Noticia El Progreso.

>>https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/nuevas-tecnologias-causan-situaciones-peligro-como-sexting-mas-jovenes/202204251916061573033.html

Durante o ano 2023 estanse a traballar con 51 usuarios nos mesmos centros e tamén no CIEMA de Ferrol e o CIEMA de Santiago de Compostela . Ademais de acordo co novo convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Asociación Alar Galicia, para o desenvolvemento do Proxecto Fénix, de medidas de prevención e intervención integral con menores agresores de violencia de xénero, no marco do pacto de estado contra a violencia de xénero aprobouse para este 2023 o traballo mediante intervencións individuais cos menores dos centros.

## 5.6.- *PROGRAMA MELLORA+:*







XUNTA DE GALICIA — UNIÓN EUROPEA — Alar Galicia — Xacobeo 21-22

**Proxecto Mellora +: programa de servizos de apoio á inclusión sociolaboral básica**
**(Nº Expd. BS631A-2022-7)**

**Orde do 21 de xullo (DOG nº 149, de 5 de agosto de 2022)**

**"Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social"**
**Operación financiada parcialmente con fondos REACT-UE polaUnión Europea como parte da resposta á pandemia da COVID-19**

**FSE GALICIA 2014-2020** — **O FSE inviste no teu futuro**

O programa Mellora + que está subvencionado pola Consellería de Política Social é un programa de servizos de apoio á inclusión sociolaboral básica dirixido a mulleres e homes da provincia de Lugo.

Os obxectivos xerais serían:

- Mellorar de maneira integral as condicións de vida das persoas, para que acaden as mesmas oportunidades educativas, laborais e económicas das que desfruta o resto da sociedade.
- Contribuír a acadar a plena inclusión dos grupos de poboación de maior vulnerabilidade, diminuíndo a pobreza e as desigualdades.
- Mellorar as relacións sociais e a rede de apoio.
- Desenvolver recursos e habilidades persoais (habilidades sociais, educación para a saúde, hábitos laborais, etc).
- Alcanzar a participación social normalizada na comunidade (uso de recursos comunitarios, voluntariado...)

No ano 2022 atendéronse a 7 usuarias na provincia de Lugo seguindo con elas a seguinte metodoloxía:

- Mediación social e/ou intercultural.
- Acompañamento social.
- Accións de adquisicións e fortalecemento das capacidades persoais e sociais
- Acceso a información sobre os recursos sociais existentes.
- Colaboración con outros servizos de inclusión.

## 5.7.- PROGRAMA PASO A PASO ADIANTE










O Programa Adiante que está subvencionado pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade é un programa que ofrece itinerarios personalizados de inserción e orientación laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero. Os obxectivos principais son:

- Proporcionar as usuarias a aprendizaxe e manexo de recursos, habilidades e capacidades para relacionarse en todos os ámbitos da súa vida, especialmente no laboral.
- Contribuír a desenvolver un proceso emancipatorio a partir da construción do seu propio proxecto laboral e vital.
- Facilitar a futura incorporación e mantemento das usuarias en cursos de formación, na orientación laboral e no acompañamento ao emprego.
- Aportar estratexias formativas que favorezan a mellora da empregabilidade das beneficiarias.
- Facilitar a optimización de recursos e coñecementos dos recursos existentes.
- Traballar a igualdade de oportunidade de forma transversal.
- Proporcionar unha atención persoal, dentro do ámbito sociolaboral, ás mulleres vítimas de violencia de xénero contribuíndo desta maneira a súa recuperación integral.

- Mellorar o grao de empregabilidade das mulleres vítimas de violencia de xénero a través dunha serie de ferramentas e accións que as coloquen nunha situación favorable no mercado de traballo.
- Apoiar a conciliación da vida persoal-familiar-profesional das usuarias con persoas o seu cargo (sexan descendentes, maiores ou familiares con discapacidade) para facilitar a inserción sociolaboral.
- Ofrecer apoio psicolóxico a través do empoderamento das mulleres e do acompañamento no proceso de recuperación

No ano 2022 atendéronse a 15 usuarias na provincia de Lugo e durante o ano 2023 atendense a 21 mulleres coas que ademáis se levaron e se levarán a cabo as seguintes actuacións:

- Itinerario de inserción.
- Formación para o emprego
- Actuacións de apoio á conciliación.
- Bolsas para as participantes no programa

**Curso de formación de Limpeza**



**Obradoiro Igualdade de Xénero**



## 5.8.- PROGRAMA ODISEA







Con este Programa, subvencionado polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, dende Alar trabállase con numerosos colectivos e persoas en risco de exclusión como mulleres, migrantes e menores, favorecendo a súa inclusión educativa, social e laboral e fomentando unha maior calidade de vida. A pretensión deste proxecto é maior, xa que non se trata de realizar actividades illadas centradas nun ámbito concreto, senón que pretende unha visión integral e individualizada da persoa, acompañándoo en todos os ámbitos que estean a entorpecer o seu avance na sociedade. Tendo en conta as liñas de acción, establecéronse como obxectivos principais:

- Fomentar a concienciación e a sensibilización en materia de discriminación racial en diferentes contextos e a transmisión das normas, valores e modelos de comportamento libres daqueles prexuízos que subxacen á discriminación racial en diversos contextos.
- Dotar de ferramentas para combater a discriminación e xerar conciencia social en distintos contextos e facilitar os procesos de mediación nos distintos contextos.
- Incrementar a capacidade de asimilar a situación vivida e reducir o sufrimento asociado.
- Facilitar recursos de conciliación para mulleres, reducir a brecha de xénero no acceso ao emprego.
- Formar á poboación en corresponsabilidade doméstica.
- Aumentar as habilidades sociolaborais do colectivo migrante, favorecendo a súa Empregabilidade e Promover a igualdade, previr e combater as desigualdades e discriminación por motivos de orixe racial ou étnica, relixión ou crenzas respectando o principio de non discriminación.

- Apoiar, impulsar e implementar políticas integrais para combater o racismo, a xenofobia e todas as formas de intolerancia.

Os beneficiarios directos do programa foron 80 persoas migrantes, residentes na provincia de Lugo, que tiñan posibilidade de sufrir ou sufriran discriminación ou xenofobia nalgún ámbito da súa vida (laboral, habitacional, educativa, etc.) e vían minguada a súa integración social pola brecha social e a discriminación percibida e sufrida.
Entre os obradoiros e as actividades grupais levadas a cabo estarían:

- Capacitación de axentes crave. Obradoiros en asociacións de Pais e Nais co obxectivo de chegar ás familias, primeiro axente socializador, e implicarlles na loita contra a discriminación racial.
- Sensibilización sobre a igualdade de trato e a loita contra a discriminación nas aulas e en redes sociais.
- Creación de recursos para facilitar a inclusión laboral das persoas racializadas.

Durante o mes de setembro 2022, coincidindo co inicio do curso escolar, así como nos meses de xaneiro e febreiro de 2023, leváronse a cabo 3 talleres de sensibilización e concienciación racial dirixidos a pais de alumnos de entre 10 e 17 anos. A estes talleres acudiron un total de 40 pais.





Co obxectivo de fomentar a concienciación e a sensibilización en materia de discriminación racial nas aulas, así como da poboación xeral usuaria das redes sociais (Facebook, Instagram e Tik Tok), durante o mes de setembro 2022, coincidindo co inicio do curso escolar, así como nos meses de xaneiro e febreiro de 2023, leváronse a cabo 10 talleres grupais e dinámicas participativas de sensibilización e concienciación racial dirixidos a alumnos de entre 12 e 18 anos. A estes talleres acudiron un total de 800 alumnnos.





## 5.9.- PROGRAMA OIKO´S







O Proxecto Oiko's subvencionado pola Consellería de Política Social, enmárcase dentro das accións levadas acabo por Alar Galicia. A poboación destinataria son mulleres, polas súas circunstancias persoais, como poden ser: ser vítimas de violencia de xénero, contar co escasa formación laboral, estar en idade de incorporación laboral tardía, non contar co responsabilidades familiares compartidas, etc., están expostas a procesos de inseguridade e estrés emocional que repercute na vida cotiá destas mulleres.

O obxectivo principal do programa é proporcionar un acompañamento social e psicolóxico a mulleres en risco de exclusión social, mellorando as súas capacidades, e restaurando os vínculos sociais e de apoio as familias.

En canto aos obxectivos específicos temos:

- Potenciar a autonomía das familias monoparentais encabezadas por mulleres, eliminando ou mellorando as situación precarias e de vulnerabilidade.
- Favorecer a recuperación da relación materno-filial, que puido ser minada durante a vivencia das dificultades familiares.
- Mellorar as relación intrafamiliares entre nais e fillos, e capacitar para resolver situación de conflito.
- Axudar á crianza dos nenos e nenas e favorecer a súa socialización. Facilitar ás proxenitoras as situación cotiás, fomentando a igualdade de oportunidades.
- Previr novas situación de risco social.
- Mellorar as habilidades sociais de relación das usuarias do programa.
- Capacitar ás mulleres usuarias do programa para realizar trámites oficiais a través das ferramentas informáticas.

A metodoloxía de actuación consiste en acompañamento social en trámites administrativos, busca de axudas económicas e sociais existentes nas distintas administracións públicas e entidades

privadas, apoio a nivel psicolóxico e fortalecemento de autoestima, realización de seminarios e información sobre a oferta formativa existente e apoio en trámites de inscrición e realización dos cursos.

No 2022 atendéronse a 80 usuarias dentro de toda a comunidade galega e no que levamos de 2023 estase atendendo a 30 mulleres levando tamén a cabo diversas actividades, entre elas estarían:

- Obradoiros: de habilidades sociais, habilidades parentais, de informática nivel usuario, resolución de conflitos e mediación formación transversal en igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero.

**Obradoiro 2022: Resolución de conflitos e mediación social e intercultural.**



**Obradoiro 2022 de informática nivel usuario:**



**Obradoiro 2022"Corresponsabilidade nas tarefas do fogar".**



**Obradoiro 2022: Repensar as relación de parella e os mitos do amor romántico**



**Actividade 2022: sesión de iniciación ao Ioga**




**Obradoiro 2023 de Habilidades Parentais  en Lugo**



**Obradoiro 2023 de Resolución Conflitos en Lugo**



## Obradoiro 2023 violencia de xénero



## 5.10.- PROGRAMA VOITHEIA




Alar Galicia desenvolve o programa Voitheia que está subvencionado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para a prevención do suicidio entre a poboación nova que trata de dar cobertura integral a tódalas áreas da vida dos afectados, apoiando e asesorando aos grupos familiares e sociais próximos. Deste xeito, o programa contempla como obxectivo xeral a redución das condutas suicidas entre a poboación galega de entre 12 e 30 anos residentes na comunidade galega, entendendo por conduta suicida un fenómeno multicausal e complexo que abarca diferentes comportamentos, desde a ideación suicida ata o suicidio consumado. Así mesmo, procuraranse os seguintes obxectivos específicos:

- Diminuír a incidencia dos factores de risco que están asociados á aparición da conduta suicida e reducir o seu impacto emocional.
- Mellorar o clima familiar e a actuación dos achegados ante as condutas suicidas.
- Mellorar o ambiente nos centros educativos e a actuación do entorno escolar ante as condutas suicidas.
- Sensibilizar a comunidade a través das redes sociais da problemática das condutas suicidas.

O foco da intervención establécese entre os 12 e os 30 anos debido á realidade estatística á que nos enfrontamos, a idoneidade desta etapa ás liñas de prevención é sensibilización e a susceptibilidade dos máis novos aos factores de risco e desencadeantes das condutas suicidas.

Así mesmo, as liñas de actuación seguirán un criterio de equidade, recoñecendo a preferencia dos colectivos máis vulnerables a ditos factores de risco.

O Proxecto Voitheia é un programa para a prevención do suicidio entre a poboación nova que trata de dar cobertura integral a tódalas áreas da vida dos afectados, apoiando e asesorando aos grupos familiares e sociais próximos. Entendendo por conduta suicida un fenómeno multicausal e complexo que abarca diferentes comportamentos, desde a ideación suicida ata o suicidio consumado.

Segundo o plan de Prevención do Suicidio de Galicia, existen algúns factores que poderían aumentar as probabilidades de suicidio, son os chamados factores de risco, que poden ser internos ou externos; individuais ou sociais. Dados os múltiples factores que interveñen na conduta suicida, as actividades encamiñadas á prevención requiren dun enfoque multisectorial personalizado, individualizado e profesional, para axudarlles a mellorar e optimizar as súas vidas, identificando e reflexionando sobre as súas necesidades e expectativas, ofrecendo estratexias e buscando respostas e solución axustadas ao seu perfil. As fases a seguir serán as seguintes:

**A/ Fase de pre-intervención:**

Procedemento a seguir coas familias e coa persoa usuaria do servizo:

En primeiro lugar, se leva a cabo unha primeira sesión co usuario e ca súa familia. Dita sesión pode ser conxunta ou individual, en función da demanda dos solicitantes. Nesta primeira toma de contacto, se lles solicita a ambas partes que indiquen a razón pola cal solicitan o servizo.

No caso de que o usuario non queira asistir nun primeiro momento, se levan a cabo as primeiras sesións unicamente coa familia que o demande, co fin de orientalos na súa actuación e motivar á persoa a recibir a axuda que precisa.

Nas primeiras sesións se procede do seguinte modo:

- Escoita activa ante as demandas e necesidades presentadas tanto polo usuario como pola familia.
- Realización dunha anamneses na cal se recollan datos tanto do usuario ou usuaria como dos seus familiares principais.
- Análise do contexto familiar, a través da realización dun xenograma no cal figuran todos os membros más próximos do círculo familiar, así como aqueles que se poidan considerar tamén relevantes na vida do usuario ou usuaria.
- Diagnose sistémico, detectando as debilidades e fortalezas do sistema familiar. Da relación que presenta o usuario cos seus proxenitores, os proxenitores entre eles, así como do usuario con demais membros da familia. A continuación se procede a traballar tanto co usuario directo como coa súa familia.

**B/ Intervención directa:**

Nas diferentes intervencións propostas no presente programa de prevención da conduta suicida, exponse traballar os factores de risco e de protección asociados á conduta suicida, realizando así actuacións indicadas para cada un.

No programa de prevención da conduta suicida na atención directa exponse dous tipos de modalidades de intervención, atendendo en conta que a abordaxe psicoterapéutico recomendado para esta problemática segundo Plan de prevención do suicidio de Galicia pola Guías de Práctica Clínica (GPC) do SNS (Sistema Nacional de Saúde) é que en pacientes adultos recoméndanse sesións individuais e contémplanse as sesións grupais como complemento e en pacientes

adolescentes a recomendación é de terapias en formato grupal e específicas.

Nas actuacións individuais trabállanse semanalmente as diferentes temáticas expostas de maneira flexible, segundo prioridades ou necesidades detectadas, tanto polo técnico/a como polo propio participante ou os seus achegados. O obxectivo é traballar con un máximo de 40 beneficiarios directos e 120 beneficiarios indirectos.

Mentres que as actuacións grupais, tamén traballadas semanalmente guíanse polo cronograma anual realizado, indicando ademais que se conformarán 3 grupos dun máximo de 8 participantes, tendo en conta para a conformación dos grupos, factores persoais, idade e problemática dos participantes. Mediante o traballo en grupo, preténdese crear unha contorna segura e de apoio mutuo para poder expoñer os seus problemas e aprender novas habilidades.

**C/ Contornas próximas: familia e grupos sociais achegados:**

-Traballo coas familias/achegados:

Dado que na conduta suicida o apoio social é uno dos principais factores protectores, traballar coa a familia directa e os seus achegados é unha tarefa fundamental. Neste sentido, trabállase directamente cos familiares e persoas mais próximas do usuario ou usuaria tratando de crear unha contorna empática que propicie a sensación de ser comprendidos e ofreza unha rede de apoio e información ao respecto.

- Sesións familiares:

Ao longo das sesións coa familia traballaranse diversas temáticas coa finalidade de que, tanto o entorno como o propio usuario desenvolvan habilidades propias e conten coas ferramentas necesarias para facer fronte á situación.

Destacar que aqueles aspectos clave e comúns a todas elas serán: lograr a creación dun espazo no que se fomente a escoita activa por ambas partes, profesionais, usuarios e familia. Así como un entorno aberto no que se conte co apoio necesario e se fomente a liberación de todas aquelas emocións e sentimentos que xurdan durante as intervencións.

- Procedemento en caso de que se consume o acto suicida:

Facilitaranse sesións para aquelas familias cuxos membros próximos consumasen o acto suicida recentemente, e por conseguinte o entorno este pasando por un proceso de duelo.

Os obxectivos deste serán:

- Proporcionar apoio a estas familias de xeito que conten cun espazo no que se sintan escoitados e atendidos en caso de que o precisen.
- Lograr a reorganización do sistema familiar.
- Fomentar a confrontación directa coa realidade de morte.
- Vencer os mecanismos de negación.
- Facilitar a expresión de sentimentos.

- Traballo cos centros educativos:

No ámbito educativo, traballarase tanto cos alumnos como cos profesores, en concreto realizaranse actividades en todos os centros educativos de Galicia. Segundo o manual Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo de Galicia (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional), a educación inclusiva debe ter en conta a diversidade do alumnado como unha fonte de aprendizaxe e enriquecemento mutuo. Para tendencia suicida e apoio profesional aos grupos máis próximos lograr incrementar dita inclusión e cohesión débese contar cun ambiente escolar seguro, cálido e construtivo. Neste contexto, debe favorecerse o desenvolvemento integral (emocional, racional e comportamental) das persoas, favorecendo estilos de vida saudables, e realizar educación para a saúde, física, biolóxica, psicolóxica e social.

Nesa mesma liña, este protocolo indica que os programas preventivos educativos da conduta suicida deben dirixirse a toda a comunidade educativa, centrándose no fomento dos factores protectores relacionados co medio escolar, incluíndo actividades e intervencións dirixidas a reforzar a autoestima e o desenvolvemento de habilidades para a vida, adquirir ferramentas para un bo manexo de situacións de crises e unha adecuada toma de decisións, o que melloraría a capacidade para afrontar sucesos vitais.

Ademais disto, tendo en conta os factores precipitantes na adolescencia como o descubrimento ou non aceptación (propia ou allea) da homosexualidade e o Bullying, acoso, humillacións, malos tratos u outros factores xerais como o consumo e o maltrato, poderíanse traballar, de maneira conxunta por grupos, ditas temáticas.

No 2022 atendéronse a 50 persoas entre usuarios e familiares en intervención individual en toda a Comunidade Galega, das problemáticas detectadas a máis significativa é a de relacións familiares conflitivas outras serían baixa autoestima, seguido de déficit na xestión emocional e déficit de habilidades sociais. O autocoidado, dependencia emocional, estado de ánimo deprimido e déficit en asertividade son outras das problemáticas máis sobresaíntes nos usuarios.

Entre os obradoiros e as actividades grupais levadas a cabo no ano 2022 estarían:

**Obradoiros de autoestima e distorsións cognitivas e habilidades parentais.**



**Taller de habilidades parentais.**



Actividades nos centros educativos: Obradoiros sobre Acoso Escolar e Conduta Suicida, Obradoiros sobre Identidade Sexual e Conduta Suicida, Habilidades na vida e Conduta Suicida, Consumo de Sustancias, Identidade sexual e conduta suicida e Prevención e Sensibilización da Conduta Suicida..

**Colexio Divino Mestre en Lugo para os alumnos de FP.**



**Alumnos de 3º e 4º da ESO do Colegio Divina Pastora Salesianos de Lugo**



**Obradoiro sobre Identidade Sexual e Conduta Suicida para los alumnos de 3º ESO do IES Agra de Orzán**



Dende xaneiro de 2023 ata xuño deste mesmo ano o número de usuarios en intervención directa duplicouse chegando a atender a 115 usuarios por toda a comunidade galega.

Ademais incrementáronse tamén o número de obradoiros que se impartiron en distintos centros educativos como CEIP, IES, Facultades de Enfermaría e de Formación do Profesorado así como en Servizos Sociais de distintos concellos de toda a comunidade galega.

**Obradoiro de Habilidades na vida e Conduta Suicida con alumnos de 1º,2º,3º e 4º en CPI O Toural en Vilaboa, Pontevedra.**





**Obradoiro sobre Habilidades na Vida e Conduta Suicia, alumnado 2º BACH IES Blanco Amor de Ourense**




**Obradoiro sobre Habilidades na Vida e Conduta Suicia, alumnado 4º ESO IES Leiras Pulpeiro, Lugo**






**Obradoiro sobre Habilidades na Vida e Conduta Suicia, alumnado 1º,2º.3º e 4º da ESO, IES Otero Pedrayo A Coruña.**





**Obradoiro sobre Habilidades na Vida e Conduta Suicida e Sobre Bullying e Conduta Suicida en 6º Primaria co alumnado de Frei Luis de Granada en Sarria.**




**Obradoiro sobre prevención e sensibilización sobre conductas autolíticas aos alumnos de 5º e 6º de primaria do CEIP de San Cosme e CEIP San Miguel de Reinante en Barreiros**




## Diferentes Obradoiros para país e nais sobre Habilidades Parentais e Conduta Suicida





## 5.11.- PROGRAMA TESEO







O Programa Teseo que está subvencionado pola Consellería de Política Social duranteo ano 2023 leva atendidos a 11 usuarios en intervención individual. Alar Galicia como entidade social sen ánimo de lucro e con ampla experiencia na prevención e na intervención con persoas menores de idade con problemáticas de diversa índole, deseñamos TESEO con fin de previr, sensibilizar e intervir con persoas menores de idade que exercen a violencia no ámbito escolar e familiar. Incluímos a sensibilización e a intervención cos menores na súa relación co uso das novas tecnoloxías como elemento que inflúe cada vez máis nas súas condutas e poden levar a exposición a novos tipos de riscos. As principais persoas beneficiarias son menores de entre 12 e 17 anos con precedentes ou indicios observados de conduta violenta cara o seu entorno, familiar ou escolar. Como persoas beneficiarias secundarias e tamén receptoras directas de algunhas das actuacións do Proxecto TESEO están as do entorno máis próximo, pais, nais ou persoas titoras legais, así como toda a súa unidade de convivencia. En xeral o ámbito escolar verase beneficiado co cumprimento dos obxectivos marcados; mellorar o clima escolar, a capacidade de detección precoz de casos de acoso ou maltrato e a adquisición de habilidades de resolución de conflitos por parte do alumnado, pero tamén do persoal docente, favorecerá a convivencia, o benestar psicolóxico individual e as relacións sociais o que redundará nun mellor rendemento de todas as partes implicadas.

Os obxectivos principais serían:

- Reducir o número de persoas menores que exercen a violencia no ámbito doméstico e escolar.
- Facilitar no ámbito escolar a detección precoz de casos por parte dos equipos docentes de acoso escolar e violencia filio-parental.
- Aumentar as habilidades parentais dos núcleos de convivencia onde se desenvolven relacións conflitivas cos fillos ou fillas.

- Sensibilizar nos ámbitos educativos e axentes sociais en xeral fronte o abuso e acoso escolar tradicional e cibernético.

En canto aos obxectivos específicos, nas accións de intervención directa individual e grupal estarían:

- Mellorar as habilidades sociais e instaurar condutas alternativas a violencia e o abuso.
- Aumentar a resiliencia dos e das menores fronte situacións que xeran frustración.
- Aumentar a autoestima das persoas implicadas en conflitos e situacións de abuso.
- Fomentar a creación dunha rede de apoio e de ocio saudable.

Nas accións de prevención nos centros educativos co alumnado, persoal docente  nais, pais e persoas titoras teríamos:

- Dar a coñecer as causas da violencia escolar e os tipos de violencia
- Detectar os actos de violencia, reducilos o mínimo.
- Sensibilizar a todo o persoal da comunidade educativa.

O servizo ofrecido as persoas usuarias é gratuíta, cun enfoque de resolución de conflitos positivo. A metodoloxía proposta é a levada a cabo con anterioridade polo persoal técnico de Alar Galicia, cunha efectividade comprobada, baseada en dar unha resposta sistémica os problemas atopados a través dunha intervención socioeducativa e terapéutica as mozas e mozos e o seu entorno, facilitando unha intervención especializada as persoas que se atopan en situacións de conflito.

Nas intervencións individuais trabállanse a resolución de problemas, establecendo claramente as consecuencias, tanto positivas coma negativas e a corto/largo prazo, do seu comportamento; animáselles para que dean alternativas a ese comportamento, valorando a súa vez as consecuencias. Por outra banda, a adaptación a cada persoa usuaria permite a flexibilidade e cando comezan a saír vanse traballando problemas concretos que se van presentando na casa ou na escola analizando cal é a súa parte de responsabilidade; sempre comentando as alternativas de solución para seguintes ocasións similares. Se a capacidade cognitiva do adolescente o permite, trabállanse algunhas distorsións cognitivas como "toda a culpa do que pasa e culpa dos outros", "so teño que facer o que me apetece", "ten a abriga de darme cartos", etc.

**Obradoiros no IES Otero Pedrayo de A Coruña para os alumnos de 4º ESO sobre Violencia Filioparental.**



**Obradoiros no CPI Santo do Carballo en Taboada sobre Autocontrol de Impulsos con alumnado de 1º e 2º da ESO.**



## 5.12.- PROGRAMA ATENEA







O programa Atenea é un programa de apoio e atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero especialmente vulnerables, ás persoas en situación ou risco de exclusión social por diferentes factores: pertencentes a familias monoparentais con fillos e fillas menores ó seu cargo, inmigrantes, con baixa cualificación, con baixos recursos económicos, en situación de desemprego ou cun salario inferior ao mínimo interprofesional, entre outros.

O traballo realízase en rede coa Xunta de Galicia e subvencionado con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades, xestionado pola Secretaría Xeral da igualdade, no ano 2022.

No que levamos de 2023 xa se levan atendidas a 20 mulleres, pero a previsión e atender a máis de 80 mulleres que poidan vir derivadas de Servicios Sociais ou CIMs de toda a comunidade galega, ademais das que poidan acudir de muto propio.

Os obxectivos xerais son:

- Prestar apoio e tratamento integral a menos a 80 mulleres vítimas de violencia de xénero especialmente vulnerables da comunidade autónoma de Galicia, durante o ano 2023.
- Mellorar de maneira integral as condicións de vida das persoas, para que acaden as mesmas oportunidades educativas, laborais e económicas das que disfruta o resto da sociedade.
- Contribuír a acadar a plena inclusión dos grupos de poboación de maior vulnerabilidade, diminuíndo a pobreza e as desigualdades, así como a que acaden o benestar psicolóxico.

A poboación a que vai dirixida este proxecto son:

- Mulleres en situación de vulnerabilidade aquelas nas que concurra algunha das seguintes circunstancias xunto ca de ser vítima de violencia de xénero.
- Mulleres con discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%
- Mulleres novas con idades entre 16 e 24 anos.
- Mulleres de 65 anos ou máis.

- Mulleres nadas no estranxeiro.
- Mulleres que viven en municipios pequenos (menos de 10000 habitantes).

As instalacións de Alar Galicia servirán de escenario para o desenvolvemento das accións de intervención individual nas catro provincias. As accións de intervención grupal, formacións e obradoiros, serán desenvoltas en aulas nos distintos centros de convivencia ou entidades sociais, para o que se reservarán coa antelación suficiente. No resto da comunidade as accións desenvolverase grazas a posibilidade de desprazamento do equipo técnico, tanto para as intervencións individuais como as grupais contarase con espazos igualmente axeitados para o mesmo.

## 5.13.- PROGRAMA MORPHEO




O programa Morpheo que está subvencionado pola Consellería de Sanidade trata sobre a prevención de condutas aditivas con ou sen substancias. Nos últimos anos obsérvase como o mal uso das novas tecnoloxías leva aos nosos adolescentes ao illamento, e aos perigos que se atopan asociados ás relacións cibernéticas debido á despersonalización destes contactos e a idealización que se produce polo enmascaramento da pantalla, tamén en moitos casos o abuso de pantallas afecta á conducta xa que a xuventude pretenden imitar o que ven nelas. A poboación xuvenil considérase de risco, polo que é necesaria a prevención e concienciación a cerca destas novas adiccións, e a intervención individualizada, como no caso anterior. Este programa lévase cabo en institutos con acción formativas para o profesorado e para os país, nais e titores, así como para os menores.

No ano 2022 leváronse a cabo 25 intervencións individuais con usuarios de entre 12 e 17 anos dentro do programa Neos de intervención, prevención e sensibilización ás novas adiccións en toda a comunidade galega. Ademais dentro do programa Morpheo desenvólvense outros programas específicos destinados á prevención e sensibilización de adiccións con sustancia.

No que levamos do ano 2023 a cifra de usuarios atendidos en intervención individual incrementouse a 30 usuarios, ademais de seguir desenvolvendo os obradoiros de sensibilización e prevención dentro de toda a comunidade galega.

Leváronse a cabo actuacións de prevención en distintos IES da Comunidade Galega dentro de:

- Programa Non Pasa nada, Pasa Algo? Con adolescentes entre 12 e 17 anos e tamén con pais e nais e profesores.
- Programa En familia todos contan. Con pais e nais de alumnado de 3º e 4º da ESO.
- Programa Neos, Charla de prevención e sensibilización: Internet, móbil e videoxogos e Charla de prevención e sensibilización: Redes sociais e

impacto emocional para adolescentes entre 12 e 17 anos e para pais e nais dese alumnado.

**Obradoiro Non Pasa nada, Pasa Algo? E Neos Charla de prevención e sensibilización: Redes sociais e impacto emocional para adolescentes No CPI Navia de Suarna con alumnado de 1º,2º,3º e 4º da ESO.**





**Neos Charla de prevención e sensibilización: Redes sociais e impacto emocional para adolescentes CPI Tino Grandío de Guntín(Lugo).Con alumnos de 3º ESO**



**IES Otero Pedrayo da Coruña obradoiro sobre Prevención e Sensibilización para adolescentes sobre Adiccións ás Novas Tecnoloxías dentro do Programa Neos.**



**Obradoiro a pais e nais sobre Adicción ás Novas Tecnoloxías no CEIP Frei Luis de Granada en Sarria (Lugo)**



## 6. I XORNADAS DE PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN DO SUICIDIO E AS NOVAS ADICCIÓNS NA XUVENTUDE

Os pasados días 27 e 28 de abril do 2023 celebráronse no salón de Actos da Xunta de Galicia as I Xornadas de Prevención e Sensibilización do Suicidio e as Novas Adiccións na Xuventude.







O día 27 de abril na mesa inaugural contouse coa presenza de Dª. Susana López Abella. Secretaria Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego da Xunta de Galicia, D. Javier Arias Fouz, Delegado da Xunta de Galicia en Lugo e Dª. Isabel Rodríguez López, Subdelagada do Goberno en Lugo.





Para a exposición do Plan Galego Contra o Suicidio tivemos a presenza de D. Alejandro García Caballero. Psiquiatra, Coordinador Programas Prevención Saúde e Suicidio do Servizo de Saúde Mental da Xunta de Galicia e de Dª. Susana López Abella. Secretaria Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego da Xunta de Galicia.






Posteriormente tiveron lugar dúas mesas de traballo onde contamos coa presenza de D. Jero García. Adestrador de boxeadores e Presentador onde nos falou sobre a súa experiencia en primeira persoa da prevención do suicidio a través do deporte. Na última mesa onde se falou da situación actual do suicidio, estiveron D. Alejandro de la Torre Luque, Doutor en Neurociencias e Profesor do Departamento de Medicina Legal, Psiquiatría e Patoloxía da Universidade Complutense de Madrid (UCM) e Dª Sofía Abascal Peiro en representación de D. Enrique Baca García, Director do Departamento de Psiquiatría do Hospital Universitario Fundación Jiménez Díaz.









O día 28 de abril contamos con dúas mesas nas que se falou sobre a prevención e o impacto das Novas Adiccións na Xuventude. Neste caso contamos con diversos expertos como: D. Manuel Isorna Folgar. Profesor da Universidade de Vigo. Fundación Galega contra o Narcotráfico, D. Héctor Méndez Fernández. Psicólogo do Equipo Plan Director da Garda Civil de Lugo. D. Ramón Peña Pérez, Formador en adiccións e ciberseguridade do Equipo Plan Director da Garda Civil de Lugo e Dª Gabriela Klepsh Rotondaro, Médico Psicoterapeuta Especialidade en Infancia e Adolescencia.







Para o peche das xornadas contamos coas seguintes autoridades: Javier Vázquez Nodal Xefe Territorial de Política Social de Lugo e Javier Aboal Viñas, Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas.



O Acto tivo un amplio seguimento nos medios de comunicación:

EL PROGRESO 115 Aniversario

ELECCIONES MUNICIPALES 28M LUGO A MARIÑA A CHAIRA RIBEIRA SACRA SARRIA DEPORTE GALICIA GENTE FIRMAS PODCAST & TV

COMARCA DE LUGO ESQUELAS

PRESIDENTE DE ALAR GALICIA

## Fernando González: "Atendemos a 34 personas que sufrieron tentativa de suicidio en Lugo"

Un total de 34 lucenses reciben actualmente atención directa de Alar Galicia por tentativas de suicidio. Un equipo multidisciplinar formado por psicólogos, terapeutas, sociólogos y educadores sociales se ocupa de abordar estos casos ofreciendo una atención inmediata, a cualquier hora, a través del teléfono 982 243316. Todo ello dentro del programa Voitheia y el Plan Galego contra o Suicidio.



Fernando González Truque, presidente de Alar Galicia. VICTORIA RODRÍGUEZ

SABELA CORBELLE 27/ABR./23

Las estadísticas hablan de un suicidio por semana en Lugo. Además, Lugo es, junto con Jaén, la provincia de España con más incremento en conducta suicida. En Alar Galicia, trabajan directamente con 34 lucenses que tuvieron tentativas de suicidio. Este jueves y viernes organizan las I Xornadas de Prevención e Sensibilización do Suicidio e as Novas Adiccións na Xuventude, que se celebrarán en el edificio multiusos de la Xunta.

**¿Están especializados en tratar los casos de tentativas de suicidio?**

Tenemos un programa de prevención del suicidio, gracias a un convenio que firmamos con la Consellería de Sanidade, el programa Voitheia, a través del cual trabajamos con la prevención, sensibilización y atención directa a las personas que tuvieron tentativas de suicidio y a sus familiares. Somos, además, la única entidad que trabaja estos casos con jóvenes menores de 30 años.

**¿Van en aumento los casos de tentativas de suicidio?**

Sí, se nota especialmente después de la pandemia. En los últimos dos años, hubo un aumento considerable y hay mucha más demanda de consultas para evitar esta tendencia. En España, se suicidaron en 2022 más de 4.000 personas y en 2021, más de 3.000. Así que, en un año, hubo 1.000 casos más. En Lugo, tenemos un caso a la semana y esta provincia es, junto con Jaén, la que sufre un mayor incremento de suicidios. Actualmente, Alar Galicia atiende a más de 100 usuarios por este tema en toda la comunidad autónoma, de los cuales 34 son lucenses. Pero, aparte de la atención directa, también damos charlas.



Así fue el segundo rescate en O Garañón: los mismos agentes evitaron el suicidio de un joven

**¿Afecta mucho este tipo de problema a los menores?**

Cada vez hay más casos de menores, sí, lo que es tremendo.

**¿Cuáles son las causas que están provocando este aumento de los suicidios o intentos de suicidios?**

Las causas son variadas: pueden ser adicciones, depresiones, trastornos de personalidad o conducta, la muerte de una persona cercana, el hecho de sentirse solo y decidir —como dicen— «sacarse de en medio», una baja autoestima y motivación, la pérdida de habilidades sociales y la falta de una red de apoyo social, de un arraigo, de familia, amigos o incluso compañeros de trabajo. También predomina mucho, especialmente entre los más jóvenes, como causa determinante el no saber cómo enfrentarse a la frustración.

**¿Hay casos de reincidentes?**

Sí, bastantes. Pero, en cuanto pides ayuda, se produce el feedback de las psicólogas (que es el sentirse oído) y ahí empieza la fase curativa que hará disminuir ese pensamiento hasta casi desaparecer.

INÉS ARRIMADAS RUBÉN ARROXO EUROPASTRY ELECCIONES MUNICIPALES 2023

**EL PROGRESO** 115 Aniversario

ELECCIONES MUNICIPALES 28M LUGO A MARIÑA A CHAIRA RIBEIRA SACRA SARRIA DEPORTE GALICIA GENTE FIRMAS PODCAST & TV

COMARCA DE LUGO ESQUELAS

LUGO

# Lugo es una provincia tan suicida por la acumulación de factores de riesgo

La escasa población y la soledad no elegida favorecen el problema y afectan de forma especial a los mayores



"Cuando se analizan los datos de suicidios a nivel provincial el caso de Lugo resulta sorprendente porque no es la provincia con la población más **envejecida**, no es la que tiene mayor tasa de **enfermedad mental grave**, no es la que tiene menos densidad de población, algo que está relacionado con la **soledad** no deseada, no es la que tiene mayor tasa de **adicciones**... Lo que pasa es que sí está en el **top 5 en todo**", explicó **Alejandro de la Torre Luque**, doctor en Neurociencias y profesor del departamento de Medicina Legal, Psiquiatría y Patología de la Universidad Complutense de Madrid, durante las jornadas de prevención del suicidio organizadas por Alar Galicia.



Asistentes y ponentes a las jornadas organizadas por Alar Galicia. VICTORIA RODRÍGUEZ

PUBLICIDAD

MARÍA PIÑEIRO 28/ABR./23

Recordó que la conducta suicida es **multifactorial** y **poliédrica** y que, en Lugo, se explica que sistemáticamente esté entre las provincias con más muertes autoinfligidas por esa acumulación de **factores de riesgo**, porque se dan todos simultáneamente y de forma intensa. Insistió en que el suicidio es "un **problema de salud pública**" que precisa que se involucre toda la sociedad.



**Fernando González: "Atendemos a 34 personas que sufrieron tentativa de suicidio en Lugo"**

Se refirió por ejemplo a la soledad no elegida entre **gente mayor** que vive **en lugares pequeños** donde no encuentra actividades de su interés que favorezcan la interacción social. Se trata del grupo etario, especialmente los hombres, en el que se registra "más muerte por suicidio". Las tentativas pueden ser más elevadas en otras horquillas de edad, pero los mayores eligen métodos más violentos, que resultan más letales, para acabar con su vida.

En el caso de las mujeres, apuntó que se da más la **ideación pasiva**. "Dejan la medicación de sus enfermedades crónicas, dejan de alimentarse...", señaló, y recordó que, muy probablemente, por comportamientos así el **número** de suicidios entre mayores está **infradimensionado** y es, realmente, muy superior al contabilizado.

## La tentativa temprana predice patología futura

Alejandro de la Torre llamó la atención sobre el hecho de que, al hablar del suicidio, se apunte a la letalidad casi como el único riesgo, obviando que las **tentativas** también **tienen consecuencias**. "Cuanto antes se intenta más riesgo hay de psicopatología en el futuro. Si ocurre muy pronto, la probabilidad es del cien por cien", explicó.

Los **intentos entre jóvenes han aumentado** y, según el investigador, se trata de un grupo de edad que, a menudo, reacciona de manera impulsiva, que se siente superado por las circunstancias, incapaz de salir de una determinada situación estresante.



**Lugo es la provincia de España con mayor tasa de mortalidad por suicidio**

El ***bullying*** también ha aumentado y supone una situación de verdadera angustia para muchos chavales. A los padres desorientados sobre cómo ayudar a sus hijos, el experto recomendó dejarles claro que "**siempre se está ahí** para ellos" y también no evitar las conversaciones sobre los propios problemas.



**El análisis de los riesgos que conllevan las nuevas adicciones en jóvenes cerró el foro de Alar Galicia**

Las jornadas de Alar Galicia en la Xunta sobre prevención y sensibilización sobre el suicidio y nuevas adicciones en los jóvenes se cerraron con varias ponencias sobre prevención y sobre el impacto de los nuevos tipos de adicción, como las relacionadas con la tecnología, que afectan de forma severa al estado psíquico y a la relación social. SEBAS SENANDE

Sonia Díaz Alvaredo

Presidenta de Alar Galicia

76623737L SONIA DIAZ (R: G15775901)

Firmado digitalmente por 76623737L SONIA DIAZ (R: G15775901)
Fecha: 2023.06.06 13:10:11 +02'00'

Lugo , 6 de xuño de 2023